

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE  
NOVEMBRO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de novembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona María Olga Santos López, de EU.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que antes de comezar co pleno quere poñer de manifesto un erro, porque hai unha moción de fiscalización e control do partido socialista que está xusto no límite na presentación e, polo tanto, van incluíla como punto oito.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2012, á sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2012 con carácter supletorio da correspondente ao día 30 de agosto de 2012 e á sesión extraordinaria do día 24 de setembro de 2012**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de xullo de 2012, á sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2012 con carácter supletorio da correspondente ao día 30 de agosto de 2012 e á sesión extraordinaria do día 24 de setembro de 2012.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

**2º Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 1585, de data 12 de novembro de 2012, de emenda das incidencias detectadas na solicitude de participación no “Plan DTC94” aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de outubro de 2012**

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 1585, de data 12 de novembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 27 de novembro de 2012.

Toma a palabra o Sr. alcalde para informar que onte recibiron a circular da Deputación aprobando a segunda fase da anualidade do plan DTC.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 1585, de data 12 de novembro de 2012, de emenda das incidencias detectadas na solicitude de participación no “Plan DTC94” aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de outubro de 2012, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

*Primeiro: Rectificar os cadros recollidos no acordo adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 25 de outubro de 2012 de aprobación da proposta de modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación referente ao “Plan DTC 94 Unha deputación para todos os concellos”, nos apartados D e E do seu punto segundo, adaptándoos aos criterios adoptados pola Deputación Provincial da Coruña con respecto aos gastos a incluír nestes cadros, quedando emendados do seguinte xeito:*

*D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:*

<i>Concello</i>	<i>Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012</i>	<i>Achega POS 2012 de gasto corrente</i>	<i>Outras achegas</i>
297.452,25	257.890,52	203.597,18	

E) *Resumo*

	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Outras achegas</i>	<i>Presuposto total</i>
<i>SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS</i>	35.989,27			35.989,27
<i>SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS</i>				
<i>SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS</i>				
<i>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</i>	257.890,52	181.825,08	111.309,13	551.024,73
<i>TOTAL</i>	293.879,79	181.825,08	111.309,13	587.014,00

*Segundo: Comunicar a resolución á Deputación Provincial da Coruña e ao pleno na vindeira sesión que teña lugar para o seu coñecemento e ratificación.”*

**3º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxi do Concello de Cambre**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 26 de novembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo de data 27 de novembro de 2012.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que ao seu grupo parécelle unha subida, dentro do que hai agora mesmo, bastante no límite, pero en principio van apoiala.

Explica que o que si pediron foi unha aclaración, a cal é interesante que a xente coñeza, porque no prazo que se abriu para formular alegacións só presentaron escritos a Federación Galega do Taxi de Galicia e a Asociación das Amas de Casa. A Asociación das Amas de Casa pedía a retirada da baixada de bandeira e da contía mínima, polo que o seu grupo púxose en contacto co presidente da Asociación de Taxis de Cambre, quen lles explicou que a contía mínima e a baixada de bandeira son dúas cantidades que se suman, e que darían o percorrido mínimo entre un quilómetro e medio e un quilómetro oitocentos. Esa subida do 2,02 das tarifas serve para cubrir, entre outras cousas, a subida do IVE e maila retención dos autónomos que pasou do 15 ao 18%, polo que, dentro do que cabe, parécelles que son unhas tarifas bastante acordes, iso vendo tamén as tarifas nas poboacións que os rodean. Polo tanto, o seu grupo vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstense o concelleiro presente de EU.

A Corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2013, que supón unha subida media do 2,02% sobre as tarifas actuais, obtendo os seguintes resultados, IVE do 10 % incluído.

Tarifa diúrna (aplicable os días laborables desde as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados desde as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira (percorrido 1,5 km)	1,48 euros
- Quilómetro percorrido	1,07 euros
- Hora de espera	17,78 euros
- Contía mínima (percorrido 1,8 km)	3,37 euros

Tarifa nocturna (aplicable os días laborables desde as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados desde as 16:00 horas e os domingos, festivos e días 24 e 31 de decembro as 24 horas).

- Baixada de bandeira (percorrido 1,5 km)	1,73 euros
- Quilómetro percorrido	1,32 euros
- Hora de espera	22,15 euros
- Contía mínima (percorrido 1,8 km)	4,13 euros

#### Suplementos

- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro 3,52 euros

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentar cantas alegacións estimen oportunas. O expediente está a disposición dos interesados, na planta primeira do concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

**4º Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora da publicidade exterior no Concello de Cambre**

Vista a proposta da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 23 de novembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 27 de novembro de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que eles tamén van votar a prol, e lémbrales o compromiso de levar a ordenanza fiscal o máis urxente posible ao pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que na comisión de onte xa dixo que ía votar a prol, pero tendo en conta a modificación que se aprobou, e que imaxina que se terá en conta, na disposición transitoria, onde se lles daba un ano de prazo ás empresas para que se adaptasen á normativa. Eles dixeron que lles parece moi esaxerado que se lles dea un ano, e propuxeron tres meses, ao final chegouse a un acordo entre todos en que se lles dese seis meses.

Conclúe dicindo que quere que conste isto, xa que foi unha proposta que fixo o seu grupo e imaxina que se terá en conta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que a súa postura é un tanto diverxente do resto dos grupos, pero que vaia por diante o seu recoñecemento público ao actual equipo de goberno por ter levado a cabo esta iniciativa que eles consideran necesaria para o concello. Tamén quere dicir que quizais os prazos foron un tanto apurados, pero, en todo caso, celebran a iniciativa.

Explica que é unha iniciativa que, ao seu modo de ver, debe servir para mellorar na medida do posible, aínda que en aspectos moi accesorios, a calidade de vida dos cidadáns, e contribuír a un maior respecto ao medio ambiente. Eles pensan que iso queda claro tamén coa emenda que fixo o grupo socialista, para que non se coarte, de ningún modo, o que son as liberdades individuais e colectivas de índole social, política, cultural ou de participación cidadá.

Con todo, di que eles consideran que hai unha serie de cuestións que poden ser mellorables, unha de carácter xeral, que é que, ao parecer, segundo se ten dito nas comisións previas ao pleno o pasado martes, hai aspectos desta ordenanza que se poden solapar con outras ordenanzas aprobadas polo concello. Ante iso, sendo esta regulación algo necesario, eles o que din é que quizais convise pararse durante un mes para estudar con detención ambas ordenanzas e a partir de aí refundilas nunha norma única, para facilitarles a eles, como membros da Corporación, o labor de levar ese cometido, e sobre todo para facilitarlle aos cidadáns o poder someterse ás normas que dende aquí se ditan.

Di que foi unha proposta que formulou o compañeiro don Óscar Alfonso García Patiño de UxC, e que eles ven, e seguen vendo vixente. A maiores tamén se fixo unha proposta que eles consideran moi acaída para que, a ser posible, a ordenanza fiscal que rexe o presente texto, dalgún xeito se incorpore xa agora, e así xa saiban todos eles do que están a falar.

Continúa dicindo que, a maiores diso, hai unha serie de consideracións que queren facer, con carácter propositivo, porque consideran que sería bo que isto saíse aprobado por unanimidade, aínda que quizais esa unanimidade no se consiga simplemente polos dous votos do BNG, que non son moitos, nesta Corporación.

Explica que eles non acaban de ver por que se prohíbe expresamente a publicidade en calquera tipo de vehículo ou remolque en circulación ou estacionado, porque eses vehículos son vehículos perfectamente legais que teñen que pasar ademais unha ITV especial e que están perfectamente suxeitos a dereito. Non acaban de ver, pois, por que, por exemplo, o vehículo dun circo co seu remolque non pode circular por Cambre e anunciar ese circo. Eles o que propoñen é que se lles cobre unha taxa, porque ademais non lle ven problema, habida conta de que non é unha casuística moi habitual a circulación dese tipo de vehículos.

Segue dicindo que no artigo catro apartado d) fálase da utilización de medios publicitarios sonoros como algo expresamente prohibido. Respecto diso eles ven que tamén moitas veces hai ordenanzas doutros concellos que se prestan a lecturas un tanto interesadas, xa sexa por parte dos comerciantes ou por parte dos veciños. Pon como exemplo o concello veciño de Sada onde a Asociación de Comerciantes, durante o Nadal, pon nas rúas máis céntricas, ao longo da rúa do Feirón, etc., un acompañamento sonoro de panxoliñas e fan publicidade dos seus comercios. Pregunta se iso é ou non é publicidade sonora, porque seguramente para os comerciantes non o sexa, pero posiblemente para algún veciño a quen lle poida molestar, aínda que se faga dentro dunhas horas determinadas e cun nivel de decibelios perfectamente controlado, si o sexa.

Di que eles cren que esta normativa ten que servir aos veciños, ten que servir aos comerciantes, aos axentes económicos vinculados a esa actividade, e ten que servir un pouco tamén para dar a imaxe do que é Cambre e para falar do que entenden que é o respecto ao medio ambiente. Nese sentido, e vendo a realidade actual do que é o Concello de Cambre, eles pensan que a instalación de valos publicitarios en solo de núcleo rural é certo que xa se limita moito pola Lei 9/2002, pero cren que sería perfectamente homologable ao terreo rústico, iso, en certa maneira, como medida protectora do medio ambiente e como medida protectora do que eles entenden que debe ser unha ordenación paisaxística acaída, pois consideran que non sería necesario poñer valos publicitarios e outro tipo de soportes de similares dimensións.

Segue explicando que hai unha cuestión que para eles é moi importante, e que consideran que está a pasar desapercibida. Refírese ao artigo 6.2 apartado e), onde se cataloga o réxime para a colocación dos soportes na parede medianeira dos edificios, e que, ao seu modo de ver, entra nunha situación que pode ser problemática. Eles entenden que para un edificio e para unha comunidade de propietarios é algo moi vantaxoso colocar publicidade, de feito hai casos onde xa non é que non teñan que pagar a comunidade, senón que incluso teñen beneficio, pero o seu grupo considera que iso ten un custo de contaminación paisaxística. A eles non lles gusta, é unha opinión subxectiva, pero non lles gustaría ver valos publicitarios nas medianeiras do Concello de Cambre, porque entenden que non queda bonito, sobre todo sendo Cambre como é, e tendo Cambre a situación urbanística que ten, que ao seu modo de ver foi caótica e errática ao longo dos últimos trinta anos, cuestión que non é en absoluto achacable ao actual equipo de goberno. El simplemente votou unha visual pola parroquia do Temple, que é a máis poboada, e hai unha cantidade de medianeiras terrible, así que poden imaxinar todas esas medianeiras con valos publicitarios.

Di que eles propoñen que se faga un estudo ou se achegue un dato do número de medianeiras que hai nos edificios susceptibles de ter publicidade, non vaia ser que estando no ánimo de todos aprobar unha norma que axude a facer un Cambre máis presentable e máis bonito, acaben dándolle carta de legalidade a unha situación un tanto caótica.

Continúa dicindo que no artigo 11 fálase das dimensións. Eles, en principio, están de acordo, sabendo que iso rexe para unha temática que tampouco lles gusta, que son os chamados valados monoposte, que teñen unha altura que eles consideran moitas veces que agrede visualmente calquera contorno paisaxístico. Consideran que se podería facer, e que sería unha boa mensaxe do Concello de Cambre ao conxunto da sociedade, unha norma que dalgún xeito prohiba a instalación desas barbaridades urbanísticas que rompen a paisaxe, sabendo e tendo claro que hai un artigo nesta ordenanza que permite, por exemplo, e dentro de determinadas dimensións, a colocación nos propios negocios, é dicir, que no aparcadoiro dun negocio, a modo de letreiro, si se pode poñer un dispositivo desas características, dentro do que son as normas.

A maiores diso, eles tamén din claramente que isto ten que servir aos cidadáns, ten que servir aos axentes económicos vinculados a esa actividade, ten que servir á protección da paisaxe, e, dalgún xeito, dentro da lei, tamén ten que favorecer aos comerciantes de Cambre e favorecer á xente que fai a súa actividade económica en Cambre.

Cre que, a día de hoxe, non está na perspectiva de ningunha das empresas que operan en Cambre a instalación de valados con movemento e iluminación para captar clientes, basta ver que na Coruña, onde loxicamente os hai, quen fai uso dese tipo de luminarias e de cartelería son as grandes empresas, as multinacionais, son empresas alleas ao tecido económico máis próximo e propio do concello. Eles entenden que, dende ese punto de vista, non se logra nada dándolle facilidades a ese tipo de empresas para a instalación da súa publicidade, máxime cando, neste caso, xa dun xeito flagrante, eles consideran que

non teñen absolutamente ningún tipo de xustificación dende un punto de vista estético, sería unha estética de “Leaving Las Vegas”, sería un pouco unha imaxe de puticlub, porque, ademais, pregunta onde se situarían ese tipo de luminarias e instalacións, xa que en Cambre, pola súa condición orográfica, non ten obxecto, unicamente na Barcala, para que puidesen ser divisados dende a estrada, e tamén no Temple, pero pregunta se iso é o que necesita O Temple, que se facilite e que se lle dea carta de natureza dende o concello a que se instalen ese tipo de rótulos con LED e con tubos de neon, etc. O grupo do BNG considera que non.

Continúa dicindo que din todo isto sabendo que é un tema complexo, sabendo que é unha realidade difícil de xestionar, porque tan pronto nunha comunidade de veciños os cidadáns escoitan falar do tema van ver un beneficio, que é lóxico e lícito. Tamén dende o concello se pretende, e é lóxico e lícito e eles o aplauden, un beneficio para o propio concello, porque a actual situación que vén herdada de atrás é fantasmagórica, é dicir, el non sabe cantos valados poden actualmente contribuír economicamente e pagar as taxas en Cambre, pero cre que son mínimos segundo a información que ten escoitado en diversas reunións. Tamén agradecen a cuestión de que se exima a actividade social, política e cultural da aplicación da norma, e lembra que dicía Alfonso Guerra, que é unha persoa nada sospeitosa de veleidades co nacionalismo, que unha democracia sen pintadas é como un xardín sen flores, e, en certo xeito, sen cartelería é igual.

Respecto do tema da cartelería que se ten comentado, especialmente das festas, eles fan un chamamento e unha proposta ao Concello de Cambre, que é que se utilice o Consorcio das Mariñas, que para moitas outras cousas non funciona, ou non funciona como debera, e que en certo xeito eles consideran que si sería o organismo apropiado para, por exemplo, facer unha campaña de sensibilización con todos os concellos da comarca, e coas súas comisións de festas, para apelar ao sentido común de realizar as actividades propagandísticas das festas. Cren que sería perfectamente realizable, que tería un custo moi reducido, e que se entre todos se poñen de acordo, conseguirán que os de Cambre non pisen aos de Culleredo, os de Culleredo non fagan barbaridades en Arteixo, e así sucesivamente.

Conclúe dicindo que, estando de acordo co espírito da norma, propoñen que se adíe a súa aprobación, que non pasa absolutamente nada, e que entre todos o fagan mellor, doutro xeito o seu voto será contrario.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, di que só quere facer dúas aclaracións, a primeira relativa ao apunte que fixo o Sr. Taibo Casás sobre os prazos. Di que, en principio, non hai ningún problema técnico para que ese prazo sexa de seis meses, simplemente puntualizar que no caso dos valados publicitarios que xa teñen licenza municipal xa hai uns dereitos adquiridos, daríaselles ese prazo de seis meses para regularizar a situación e, a partir de aí, comezaría a contar o prazo restante para renovar a licenza. No caso dos valados publicitarios que non teñen licenza, van ter que facer a adaptación dende xa, dende o primeiro momento, neses casos xa non



habería prazo de seis meses nin de nada, porque dende o momento en que entrase en vigor a ordenanza, xa se lles podería requirir.

Respecto do segundo punto, sobre as puntualizacións que fai o concelleiro do BNG, soamente vai contestar a dúas. Por un lado di que don Daniel Carballada cita que a norma se refire a varios supostos de feito que xa están contemplados noutras ordenanzas e que poderían entrar en contradicción. Respecto diso quere lembrarilles que a ordenanza que hoxe van aprobar é un texto refundido, e se leron a disposición derogatoria verán que fai referencia a que quedan derogadas as disposicións ditadas por este concello que se opoñan ou contradigan o disposto na presente ordenanza. Iso quere dicir que calquera disposición aprobada polo Pleno de Cambre que contradiga o disposto nesta ordenanza, quedaría derogada, polo tanto, non hai varias normas superpostas en distintas ordenanzas senón que están aglutinadas nesta última.

Continúa dicindo que tamén lle gustaría comentar o apunte que fixo o concelleiro do BNG respecto da publicidade nas medianeiras e outros supostos. Quere aclarar que todo ese tipo de publicidade, tanto a través de valados publicitarios como a través de cartelería, folletos, adhesivos, etc., todo o que se queira incluír dentro dunha actividade publicitaria, ten que estar autorizado polo propio concello, é dicir, unha vez que se pide unha autorización, por exemplo para colocar publicidade nunha parede medianeira, xa sexa a través de pintura, cartel ou valado publicitario, sempre ten que haber un criterio técnico que diga se se autoriza ou non esa publicidade, polo tanto, á hora de respectar o contorno, a paisaxe ou zonas de especial protección, tense que ter en conta, non só porque o diga o criterio técnico, senón tamén porque hai unha lei galega que o impón.

Conclúe dicindo que, en canto aos vehículos e á publicidade sonora, é un criterio técnico que adoptan ordenanzas doutros concellos. A publicidade sonora prohibese no 90% dos concellos de España, e a publicidade en vehículos é por motivos de seguridade, trátase dun criterio técnico que atende a motivos de seguridade viaria.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez di que simplemente quere pedir desculpas se se expresou mal, que posiblemente fora así, respecto da superposición de normas. Explica que o que realmente se falara nas comisións é que parte das materias que exime esta ordenanza, a publicidade política, social, festiva, lúdica, cultural, etc., é porque en parte xa se rexen por outra norma, e é certo que non se superpón con esta, pero tamén é certo, e así se falou, que en certo xeito tamén sería lóxico facer a norma máis permisiva, máis transitible, dalgún xeito máis lóxica para os usos que se fan da cartelería principalmente en festas ou por cuestións políticas fóra de campaña electoral, é dicir, non ter unha prohibición total e absoluta. Di que todo iso non o dixo o BNG, senón un membro do equipo de goberno, e eles están de acordo con esa proposta.

Respecto da situación nas medianeiras di que por suposto que hai un criterio técnico, pero que eles coñecen o mundo no que viven, saben o concello que habitan, e saben que están sometidos a un criterio técnico, pero saben que ao final ten moito tamén de criterio político. Por exemplo, simplemente cando veña unha comunidade de veciños a dicir que

quere un valo publicitario, e veña un día, e outro, e outro, acabará pasando tres cartos do mesmo da situación que explicaba o outro día nas comisións o concelleiro de Obras don Manuel Marante respecto dos parques infantís. Se hai unha norma que permite colocar valos publicitarios nas medianeiras saben que a xente vai facer o dicible e o indicible por intentar poñer valos publicitarios nas medianeiras.

Continúa dicindo que, sen tirarse pedras os uns aos outros, entre todos se poñen de acordo para que Cambre non sexa Meicende, para que en Cambre non haxa situacións realmente fantasmagóricas en canto a feísmo e publicidade, el cre que, entón, estaranlle a facer un bo servizo a Cambre. Igual a quen non llo fan é ás empresas, que son, por certo, grandes multinacionais, é máis, non sabe por que hai que darlles nin seis nin tres meses, porque son xente cun cadro de persoal bastante rápido para o que queren, e para adaptarse á norma.

Conclúe dicindo que se queren servir a esas multinacionais e non servir aos veciños, pois que adiante, que se aprobe a ordenanza, pero co voto en contra do BNG, porque estanlle abrindo a porta, no tema dos valos publicitarios en medianeiras, no tema dos sinais luminosos e sinais móbiles, a facer un Cambre, en moitos aspectos, aínda máis feo do que por desgraza, e pola mala xestión urbanística, xa teñen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que non vai ser el a persoa que defenda esta ordenanza, pero o que si vai dicir é que, efectivamente, todos recoñecen que facía falta regular dalgún xeito o sistema de publicidade que hai neste concello, xa que dende hai moitos anos non está regulado e é unha anarquía como se instalan os valados publicitarios e monopostes, e todos coñecen as denuncias que hai.

Segue a dicir que antes a concelleira dixo que existen valos con licenzas, e a el gustaríalle que esa aclaración se tivera feito o outro día nas comisións, porque o martes faláron do tema dos prazos e ninguén dixo nada, é máis, todo o mundo dicía que tiñan razón e incluso o Sr. alcalde asentiu e dixo que lle parecía ben que foran seis meses. Repite que estaría ben que esa aclaración se tivera feito nas comisións.

De todos os xeitos, el está de acordo en que se hai unha licenza haberá que respectala, e para os que non teñan licenza, que de inmediato se estableza que non hai ningún tipo de prazo.

Respecto do que se mencionaba do ruído e das actividades sonoras, xa dixo o outro día que esta ordenanza pode entrar en contradición coa ordenanza de medio ambiente, onde se regulan os ruídos e a cantidade de decibelios que se poden emitir dependendo de se a zona é máis ou menos sensible. Explica que están consideradas tres zonas de alta, baixa e media sensibilidade, e dese xeito se permiten os decibelios en función da zona. Por iso di que, ao mellor, deberían ter a outra ordenanza diante para que non se contradigan.

Conclúe dicindo que o máis importante é que eles van votar a prol da ordenanza, porque consideran e se alegran, e así o manifestaron na comisión, de que dunha vez por todas en Cambre se comece a regular e recadar polo tema publicitario.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do GM, e votan en contra os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora da publicidade exterior no Concello de Cambre, cuxo texto se transcribe a continuación:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO CONCELLO DE CAMBRE

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade publicitaria pódese definir como toda aquela actividade que se realiza co fin de promover de forma directa ou indirecta a contratación de bens mobles ou inmobles, servizos, dereitos e obrigacións. Esta actividade pódese servir de soportes técnicos de natureza diversa.

A proliferación de valos, monopostes e outros tipos de soportes publicitarios de grande impacto visual e con grande incidencia na imaxe do contorno demanda da administración municipal a adopción de criterios para regular a instalación destes soportes dentro de termo municipal. Esta regulación debe posibilitar por unha banda a realización da actividade publicitaria e doutro a protección e mellora dos valores da paisaxe e medioambiente urbano.

O artigo 84.1 b) da dita Lei de bases establece que as Corporacións locais poderán intervir a actividade dos cidadáns a través dos seguintes medios:

- a) Ordenanzas e bandos.
- b) Sometemento a previa licenza e outros actos de control preventivo.
- c) Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición del.

Por outra parte, o artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia suxeita a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo tales como a colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública, sendo o concello a administración competente para a concesión das ditas licenzas, de acordo co artigo 195.2 da citada lei, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación aplicable.

O Concello de Cambre non dispoñía dunha ordenanza que regulase os distintos aspectos da actividade de publicidade exterior e para tal efecto encargouse a redacción da presente norma que servirá para os fins indicados.

#### TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

## Artigo 1. Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular as condicións ás que terán que someterse as instalacións e actividades de publicidade exterior, calquera que sexa o sistema utilizado para a transmisión da mensaxe publicitaria, coa finalidade de compatibilizar a actividade publicitaria coa protección e a mellora da paisaxe urbana e da imaxe do Concello de Cambre.

2. A instalación de elementos de publicidade exterior dentro do termo municipal de Cambre, rexerá polo establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo Decreto 917/1967 do 20 de abril sobre publicidade exterior, en canto lle sexa de aplicación, e pola presente ordenanza.

## Artigo 2. Definicións

1. Publicidade exterior: toda forma de comunicación realizada por unha persoa física ou xurídica, pública ou privada, no exercicio dunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover de forma directa ou indirecta a contratación de bens mobles ou inmobles, servizos, dereitos e obrigacións, que sexa visible desde as vías e espazos públicos, sendo susceptible de atraer a atención de quen transite ou permaneza na vía pública.

2. Valos publicitarios: os soportes estruturais de implantación estática susceptibles de albergar e transmitir mensaxes integradas na modalidade visual da publicidade exterior.

## Artigo 3. Actividades excluídas

Non estarán suxeitas a esta ordenanza:

- a) As actividades que carezan de natureza publicitaria cando se efectúen na vía pública por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e promocionar os seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos, de concienciación, sensibilización social e similares.
- b) A actividade informativa do propio concello
- c) As actividades realizadas durante as campañas electorais, que se axustarán ás disposicións previstas en materia electoral.
- d) A sinalización de edificios e dotacións, na vía pública, realizada polas empresas concesionarias.
- e) Os carteis ou rótulos que sirvan para indicar a denominación social de persoas físicas ou xurídicas ou ao servizo de actividade mercantil, industrial, profesional ou de servizos a que as mesmas se dediquen instaladas na fachada do edificio no que se desenvolva a súa actividade. Non obstante, para a súa instalación será necesario obter a preceptiva licenza de obras.
- f) Os carteis que se colocan nas obras en curso de execución coa finalidade de amosar a clase de obra de que se trata, os seus executores, materiais empregados, etc., que se rexerán polo establecido na normativa urbanística.

## Artigo 4. Medios de expresión publicitaria non autorizados

Prohíbese expresamente:

- a) A fixación de publicidade mediante carteis, pegatinas, etiquetas, etc. sobre espazos ou elementos de dominio público ou de titularidade municipal, salvo nos lugares expresamente reservados para este fin polo concello ou a que se realice con ocasión de

- acontecementos e programas de tipo cultural, deportivo e outros de singular importancia así como para actuacións de patrocinio, logo de autorización do concello.
- b) A colocación de carteis indicativos ou de sinalización direccional na vía pública con fins publicitarios e a utilización dos sinais de circulación, dos báculos e columnas de iluminación pública e dos rótulos viarios con esta finalidade.
  - c) A publicidade en calquera tipo de vehículo ou remolque, en circulación ou estacionado. Naqueles vehículos que pertencen a actividades económicas poderá figurar un elemento de identificación, nome e/ou logotipo da razón social da empresa ou do seu titular ou da marca comercial do produto.
  - d) A utilización de medios publicitarios sonoros.
  - e) O reparto ou entrega na vía pública de folletos, anuncios, pegatinas ou calquera outra clase de produto publicitario está condicionado ao mantemento dun axeitado estado de limpeza e ornato dos espazos públicos en todo momento, sendo a empresa publicitaria e a titular do produto ou servizo que se publicite as responsables da limpeza das zonas onde se realice a entrega, e estando en canto ao réxime sancionador ao previsto na Ordenanza municipal de limpeza viaria.

## TÍTULO II.- CONDICIÓNS DOS EMPRAZAMENTOS DA PUBLICIDADE

### Artigo 5. Lugares

1. Para os efectos de delimitar os lugares para a instalación de valos publicitarios, establécese a seguinte clasificación tipolóxica do termo municipal:

- a) Zonas, edificacións ou elementos protexidos segundo as especificacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal ou no seu caso nas Normas subsidiarias de planeamento.
- b) Solo urbano, a excepción dos incluídos no apartado a)
- c) Solo de núcleo rural
- d) Solo urbanizable
- e) Solo rústico

2. Para delimitar os ámbitos respectivos estarase ao disposto nas normas do Plan Xeral de Ordenación Urbana ou no seu caso nas Normas subsidiarias de planeamento.

### Artigo 6. Réxime

1. Nas zonas protexidas non se poderán instalar valos publicitarios.

2. No solo urbano permitirase a instalación de valos publicitarios:

- a) Nos valados de obras en edificios de nova planta mentres se atopan en construción e durante o período de vixencia da respectiva licenza de obras.
- b) Nos valados de calquera tipo de obra.
- c) Nas obras de restauración total ou parcial de fachadas.
- d) Nos soares que se atopan dotados de pechamento.
- e) Na parede medianeira dos edificios.
- f) Nos pechamentos de locais comerciais desocupados e situados na planta baixa.
- g) No interior da parcela.

3. No solo de núcleo rural, a instalación de valos publicitarios poderá realizarse sobre o propio terreo sempre que a súa instalación non vaia en contra das determinacións de protección,

integración paisaxística, e de adaptación ao ambiente establecidas na Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e polas Normas subsidiarias de planeamento municipais.

4. No solo urbanizable, en tanto non se aprobe o correspondente planeamento de desenvolvemento, non se poderán realizar instalacións publicitarias, agás as que se poidan autorizar como provisionais, de acordo cos requisitos establecidos polo artigo 102 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

5. En solo rústico non se poderán instalar valos publicitarios.

6. Nos supostos de instalacións publicitarias situadas nas proximidades das estradas terase en conta especialmente o disposto no artigo 2º, apartado g) do Decreto 917/1967, do 20 de abril, da Presidencia do Goberno, no artigo 34.3 da Lei 4/94 do 14 de setembro de estradas de Galicia e o disposto na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas do Estado.

#### Artigo 7. Protección do patrimonio e o medio ambiente

1. Con independencia das disposicións establecidas nos artigos anteriores poderanse denegar aquelas solicitudes de licenza nas que o concello, en uso das súas competencias en materia de defensa do patrimonio, do medio ambiente ou por consideracións de índole estética, ambiental, paisaxística, etc..., estime prioritaria a preservación dos citados bens.

2. De igual xeito, poderanse denegar aquelas solicitudes de licenza nas que o concello entenda que coa instalación proposta se poidan danar ou comprometer a visibilidade e seguridade do tránsito rodado ou dos viandantes.

### TÍTULO III.- CONDICIÓN DOS ELEMENTOS PUBLICITARIOS

#### Artigo 8. Condicións xerais

Os valos publicitarios, tanto nos seus elementos, estruturas de sustentación e marcos, como no seu conxunto, deberán reunir as suficientes condicións de seguridade, calidade e presentación estética, debendo estar en concordancia co contorno urbano en que se sitúen.

#### Artigo 9. Dirección facultativa

Co fin de garantir as condicións indicadas no artigo anterior, esixirase sempre dirección facultativa e proxecto técnico visado cando a instalación do elemento publicitario requira un elemento estrutural ou reforzamento dos existentes e ademais cando se trate de valos publicitarios luminosos ou mecánicos.

#### Artigo 10. Identificación

Os propietarios ou titulares das instalacións publicitarias terán a obriga de identificarse nelas, para cuxo efecto deberán colocar en lugar visible e dentro do marco perimetral do soporte, o nome da empresa de publicidade titular da licenza e a data de outorgamento desta.

#### Artigo 11. Dimensións

As dimensións totais da superficie dos valos publicitarios, incluídos os marcos, non poderán exceder dos 8,50 metros de ancho, 3,50 de alto e 0,50 metros de fondo.

## Artigo 12. Condicións particulares

As instalacións de valos publicitarios deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Nos soares con pechamento, valos de obras, estruturas de valados de obras e pechamento de parcelas con edificios desocupados e deshabitados, o plano exterior do valo publicitario non excederá o plano de aliñación oficial ou do valo de obras, no seu caso. Unicamente poderán voar por encima do devandito plano de aliñación as molduras e elementos de iluminación, se os houbera, e sempre por riba dos 3,50 metros de altura.
2. En medianeiras e pechamentos de locais de edificios en construción en planta baixa, o saínte do plano exterior do valo publicitario non excederá de 0,15 metros da aliñación oficial.
3. Nos casos de terreos non clasificados como urbanos, o bordo inferior do valo publicitario terá unha altura mínima de dous metros sobre a rasante do terreo.
4. En todo caso, a altura máxima do bordo superior do valo publicitario sobre a rasante oficial ou do terreo non poderá superar os 12 metros.

## Artigo 13. Carteleiras contiguas

1. Permitirase a colocación de carteleiras contiguas en liña coa condición de que estean separadas entre si por unha distancia de 0,25 metros.
2. No solo urbano permitirase a colocación de carteleiras superpostas cando se trate dun soar con pechamento.
3. En todo caso, a colocación de valos publicitarios superpostos quedará limitada a 12 metros de altura.

## Artigo 14. Instalacións con movemento ou iluminación

1. As instalacións publicitarias que estean dotadas de movemento autorizaranse soamente nos emprazamentos sinalados no artigo 5.1.b).
2. As instalacións dotadas de iluminación ou movemento non deberán:
  - a) Producir deslumbramento, fatiga ou molestias visuais.
  - b) Inducir á confusión con sinais luminosos de tráfico.
  - c) Impedir a perfecta visibilidade.
  - d) Desmerecer da estética e decoración do lugar no que deben colocarse.
3. Nos supostos nos que o valo publicitario estea dotado de elementos externos de iluminación, estes deberán estar colocados no bordo superior do marco e o seu saínte máximo sobre o plano do valo publicitario non poderá exceder dos 0,50 metros.

## TÍTULO IV.- RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS DE INSTALACIÓN

### Artigo 15. Licenza municipal

Os actos de instalación de valos publicitarios están suxeitos a previa licenza municipal e ao pagamento das correspondente taxas e impostos.

### Artigo 16. Instalacións luminosas

Os actos de publicidade exterior realizados mediante instalacións luminosas, ademais de cumprir a normativa específica de publicidade exterior, deberá acomodarse á normativa reguladora dos medios técnicos que utilicen.

#### Artigo 17. Dereitos de propiedade

1. As licenzas outorgaranse deixando a salvo os dereitos de propiedade concorrentes sobre os respectivos emplacementsos e sen prexuízo de terceiros.
2. Tampouco poderá ser invocado o devandito outorgamento para tratar de excluír ou diminuír, nalgunha forma, as responsabilidades civís ou penais, que deberán ser asumidas integramente polos titulares das licenzas ou propietarios das instalacións, incluso no que respecta a calquera defecto técnico da instalación ou para efectos da mensaxe publicitaria.

#### Artigo 18. Documentación e procedemento.

1. As solicitudes de licenza para a instalación de valos publicitarios deberán estar debidamente asinadas e subscritas polo interesado ou o seu representante.
2. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
  - a) Memoria descritiva da instalación que se pretende realizar.
  - b) Plano de situación, acoutado ao punto de referencia máis próximo sobre cartografía oficial.
  - c) Plano acoutado do estado actual e do estado futuro cos valos publicitarios instalados, con expresión do número de valos publicitarios e dimensións de cada un deles (no caso de que non sexa preciso proxecto técnico).
  - d) Fotografía en cor do emplacementso.
  - e) Orzamento do total da instalación.
  - f) Proxecto técnico visado.
  - g) Oficios de direccións facultativas de técnicos competentes nos supostos sinalados no artigo 10 desta ordenanza.
  - h) Autorización da Administración titular da estrada se fose precisa.
  - i) Autorización da Consellería de Cultura no caso de instalacións en zonas de influencia de elementos catalogados ou protexidos.
  - j) Xustificación de ter subscrito unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan derivarse da súa colocación, mantemento e conservación por unha contía mínima de 200.000 euros.
3. A tramitación das licenzas axustarase ao procedemento establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

#### Artigo 19. Prazo de vixencia

1. O prazo de vixencia das licenzas será de dous anos, prorrogables logo de petición expresa do titular antes da súa extinción, por outro período de igual duración, logo da presentación da acreditación técnica de que o valo publicitario mantén as condicións esixidas no momento da súa concesión, especialmente as referidas aos elementos estruturais de sustentación.
2. Non obstante, transcorridos os prazos, poderase solicitar de novo licenza para os mesmos emplacementsos.
3. Para a obtención destas novas licenzas será imprescindible presentar a documentación que acredite o aboamento das taxas establecidas polo concello durante o período de vixencia da licenza anterior.



4. Terminada a vixencia dunha licenza, o seu titular deberá desmontar a instalación correspondente, dentro do prazo máximo dun mes.

#### Artigo 20. Transmisión

1. As licenzas poderán ser obxecto de transmisión, debendo poñerse tal circunstancia en coñecemento da administración municipal.
2. Cando a instalación fora desmontada antes do término da vixencia da licenza deberá comunicarse expresamente, por escrito, á administración municipal.
3. A transmisión das licenzas, no caso de ser autorizadas, non alterará, en ningún caso, os prazos de vixencia da licenza.
4. Nos supostos de transmisión de licenzas sen coñecemento da administración municipal quedarán o transmítente e o adquirinte suxeitos a todas as responsabilidades que se deriven para o titular.

#### Artigo 21. Deber de conservación e retirada de instalacións.

Os propietarios ou titulares das instalacións publicitarias e de identificación deberán mantelas en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e decoro, realizando os traballos de mantemento e limpeza así como as obras de reparación que sexan precisas para a súa axeitada conservación, incluso cando se deriven de actos vandálicos ou de pintadas sobre calquera parte da instalación publicitaria.

#### Artigo 22. Ordes de execución.

1. O órgano municipal competente poderá ordenar aos propietarios ou titulares das instalacións publicitarias a execución das obras ou a realización das actuacións necesarias para conservar as condicións sinaladas no artigo anterior.
2. O incumprimento inustificado das ordes de execución habilitará ao órgano municipal competente para adoptar calquera destas medidas:
  - a) Execución subsidiaria a costa do obrigado ata o límite do deber normal de conservación.
  - b) Imposición das multas coercitivas previstas na Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia ou norma que a substitúa.
3. Se polos servizos municipais se apreciara a existencia dun perigo grave e inminente para a seguridade das persoas ou os bens tomaranse as medidas necesarias para evitalo, sen que sexa precisa resolución administrativa previa, que se adoptará con posterioridade.
4. As ditas medidas serán as que tecnicamente se consideren imprescindibles para evitar o perigo inmediato. Todas as actuacións que se acorden serán a cargo do titular da licenza, da empresa publicitaria, da entidade ou persoa cuxo servizo ou produto se anuncie ou do titular do terreo ou edificio no que estea instalado o soporte.

### TÍTULO V. RÉXIME DISCIPLINARIO E SANCIONADOR

#### Artigo 23. Infraccións

Os actos ou omisións que vulneren o preceptuado na presente ordenanza, teñen a consideración de infraccións urbanísticas e, polo tanto, quedarán sometidos ás disposicións xerais da Lei 9/2002, ao Regulamento de disciplina urbanística e ás específicas desta ordenanza.

#### Artigo 24. Responsables

Serán responsables da infracción, con carácter principal, as empresas publicitarias ou a persoa física ou xurídica que executaran o acto publicitario e subsidiariamente as determinadas de acordo co artigo 219 da Lei 9/2002.

#### Artigo 25. Identificación

1. Para a identificación das empresas propietarias dos valos publicitarios unicamente terá validez o número asignado na correspondente licenza, expresamente colocado naquelas, conforme se indica o artigo 11º da presente ordenanza, ademais do nome comercial.
2. Para estes efectos non se considerarán elementos de identificación as marcas, sinais, produtos anunciados ou outras identificacións que puideran conter os valos publicitarios.
3. Cando o valo publicitario careza do número e/ou nome, ou cando non se corresponda co existente nos arquivos municipais, será considerada anónima, e polo tanto, carente de titular.

#### Artigo 26. Sancións

Para graduar a responsabilidade polas infraccións contra esta ordenanza, estas clasificaranse en leves e graves.

##### 1. Considéranse infraccións graves:

- a) A instalación de valos publicitarios ou a realización de publicidade en lugares nos que estea prohibido, de acordo co disposto nesta ordenanza.
- b) A instalación de valos publicitarios sen licenza municipal ou sen axustarse ás condicións desta, cando a dita instalación non sexa legalizable.
- c) O incumprimento de ordes municipais sobre corrección das deficiencias advertidas nas instalacións.
- d) A colocación de instalacións creando riscos certos e importantes.
- e) A reincidencia en dúas ou máis faltas leves dentro do termo de un ano.

##### 2. Considéranse infraccións leves

- a) A instalación de valos publicitarios sen licenza municipal ou sen axustarse ás condicións desta.
- b) As restantes infraccións ao disposto nesta ordenanza, sempre que non poidan considerarse como graves.

#### Artigo 27. Importe

1. O importe das multas con que se sancionen as infraccións cometidas, axustarase ás determinacións da Lei 9/2002 artigos 220 a 221.
2. En ningún caso, a infracción poderá supoñer un beneficio económico para o infractor.

#### Artigo 28. Medidas complementarias

1. Ademais da sanción que en cada caso corresponda, a administración municipal poderá ordenar a desmontaxe ou retirada dos valos publicitarios.
2. As ordes de desmontaxe ou retirada de valos publicitarios deberán cumprirse polos interesados no prazo máximo de oito días.

3. No caso de incumprimento, os servizos municipais procederán á execución substitutoria a costa dos obrigados, que deberán aboar os gastos de desmontaxe, transporte e almacenaxe ou ben á imposición de multas coercitivas polo importe indicado na Lei 9/2002.

#### Artigo 29. Valos de instalación anónima

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, o órgano municipal competente poderá proceder, por razóns de seguridade, á desmontaxe daqueles valos publicitarios de instalación anónima por aplicación do artigo 29 desta ordenanza.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1. Os valos publicitarios que se atopen instalados no momento de entrar en vigor a presente ordenanza, terán o prazo de seis meses para adaptarse ás súas disposicións.
2. Transcorrido este período aplicarase na súa integridade o réxime que esta ordenanza establece.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as disposicións ditadas por este concello que se opoñan ou contradigan o disposto na presente ordenanza.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor aos vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, unha vez transcorrido o prazo indicado, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **5º Moción do Concello de Cambre contra a violencia de xénero**

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que se trata dunha moción que foi asinada por todos os grupos, un manifesto contra a violencia de xénero presentado por todos os grupos da Corporación. A continuación dá lectura ao seguinte escrito:

“A violencia de xénero é un problema de Estado que provocou 43 vítimas mortais, no que levamos de 2012, e 609 mulleres mortas na última década; motiva máis de 130.000 denuncias anuais e obriga que cerca de 20.000 mulleres precisen na actualidade de protección policial.

Estas son as cifras oficiais, pero todas e todos sabemos que a violencia de xénero é un problema cun alcance moito maior, por un lado existe un gran número de vítimas ocultas e por outro ten consecuencias máis aló das que poida sufrir a propia vítima oficial, falamos dos fillos e das fillas, das familias extensas... o número de persoas ás que afecta este problema é demasiado numeroso para quedar de brazos cruzados.

Unha sociedade moderna e avanzada non se pode permitir seguir sufrindo este dano, que afecta a todas e todos por igual e ten a súa orixe na desigualdade de xénero. Chegou o momento de que cada persoa faga fronte, de forma individual e colectiva, á violencia machista.

Por iso estamos aquí, para amosar a nosa solidariedade e apoio ás vítimas e ás súas familias, e para dicir, dunha forma clara e rotunda, que cremos e queremos unha sociedade máis xusta e igualitaria, baseada no respecto e a convivencia, que rexeita a violencia de xénero en calquera das súas formas.

A educación baseada en valores de igualdade e a loita contra os estereotipos e roles que se asignaron á muller durante anos, é a única forma posible de provocar un cambio real no pensamento e nas accións para acadar esa sociedade á que aspiramos.

O Concello de Cambre, xunto cos concellos integrantes do Consorcio das Mariñas, aposta decididamente por impulsar medidas e instrumentos que reforcen esta vocación, é por iso que dende xa mesmo daremos os pasos para acadar un pacto cidadán contra a violencia de xénero, un grande acordo representativo da sociedade das Mariñas, no que estean presentes todos os estamentos e entidades do noso territorio e no que asumamos, cada un de nós, os compromisos para acadar este obxectivo.

Este compromiso real e manifesto de todas e todos nós vai ser unha peza clave para chegar ao noso fin: unha sociedade libre da violencia de xénero.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o seu grupo vai votar a prol deste manifesto. Di que na orde do día pon que é unha moción, pero el cre que máis ben é un manifesto, porque, efectivamente, leuse o outro día no concello e cre que se presta máis a iso que a unha moción.

Continúa dicindo que se por algo se caracteriza a súa formación política é por levar a igualdade de xénero como unha loita constante e diaria, como non pode ser doutro xeito, é a maneira de facer política que eles practican, pero consideran que este manifesto para eles, por dicilo dalgún xeito, pasa un pouco de perfil, é un pouco “light”. Di que os problemas que hoxe en día ten a sociedade, sobre todo neste tema, é que non se enfocan da maneira, que ao seu xuízo, se deberían enfocar.

Expón que ao seu grupo se lle envía un correo notificándolles o manifesto, ou como queiran chamarlle, dicindo que se aprobou no Consorcio das Mariñas por todos os

partidos políticos representados nas corporacións dos distintos concellos pero di que iso non é verdade, porque ao grupo de Esquerda Unida ningún lle consultou nada. Explica que nada máis lles enviaron a moción, e lles preguntaron se tiñan algunha suxestión que facer. Evidentemente fixéronas, achegaron dúas cuestións que lles parecían importantes, pero non se lles contestou para nada, simplemente chegaronlles co manifesto para asinalo e nada máis, non se tiveron en conta para nada as achegas que fixeron os demais grupos, cando eles consideran que este tema é un tema moi grave, un tema latente e un tema no que teñen que cargar ben as tintas.

Continúa explicando que eran dúas cuestións moi pequenas, unha era para engadir no parágrafo primeiro que “a violencia contra as mulleres, a violencia sexista e machista, non só non ten tregua, senón que ademais vaise adaptando aos novos tempos, nos que por desgraza está a atopar maior respaldo”, e a segunda cuestión era para engadir no parágrafo sexto “en España aínda se permiten declaracións de altos cargos que incitan á violación, ameazas de modificacións regresivas da lei do aborto, sentenzas xudiciais a favor do acoso sexual, asasinatos que non paran, proteccións que non chegan, divorcios que non poden realizarse por falta de cartos, linguaxe institucional cada vez máis machista, programas de televisión que potencian a desigualdade e subvencións a educación segregada por sexos, etc.”. Di que a eles, sobre estas propostas, non se lles contestou absolutamente nada, por iso pregunta para que se lles envía a notificación dicindo que esperan que os grupos acheguen algo.

El cre que, ao longo dos tempos recentes, houbo manifestacións por parte dalgunhas autoridades deste país, e non vai dicir que tipo de autoridades porque todos saben cales son, denigrantes, alcaldes de cidades dicindo barbaridades contra algúns dirixentes doutros partidos, algún cargo público, con responsabilidade nalgunha institución autonómica, dicindo que as mulleres eran como as leis, que estaban para violalas, e este manifesto non recolle nada diso. El cre que esas cousas había que recollelas, había que cargar as tintas aí, incluso no pleno de Cambre se teñen feito manifestacións misóxinas contra as mulleres, e sobre iso non recolle nada.

Conclúe dicindo que eles xa dixeron que ían apoiar esta moción, pero cren que é moi “light”.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que este é un manifesto que todos os alcaldes da área metropolitana fan conxuntamente. El entende a diverxencia do Sr. Taibo Casás, pero non vai entrar niso, porque en todos os partidos, en todos os sitios, se fixo o mesmo manifesto, e o voceiro de EU pretende que o Concello de Cambre cargue as tintas. Di que el cre que todos os que están presentes, el incluído, e supón que o Sr. Taibo tamén, e todo o público que está presente, están en contra da violencia de xénero.

Segue dicindo que, por moitas tintas que cargue, aínda que derrame un tinteiro e poña un borrón, o que todos teñen que facer é loitar contra esa situación, e niso se basea o manifesto, non en cargar as tintas contra un alcalde en particular, que saben que os hai, ou contra un policía en particular, que tamén saben que os hai, ou contra unha persoa

que poidan sinalar todos co dedo. Di que iso xa o saben todos, e que este é un manifesto en que todos teñen que loitar en contra da violencia de xénero, e diso se trata o manifesto.

El supón que o voceiro de EU estaba de acordo co manifesto cando o asinou, agora fai un reproche porque non se incluíu o que el quería, e di que non se incluíu porque eles pedían unha achega para elevar un pouco a valoración do manifesto, pero non para cambialo, porque, entón, non tería sentido, terían que obrigar a todos os concellos do Consorcio das Mariñas a cambialo, e todos estiveron de acordo co manifesto no Consorcio.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que todos non, que aí está equivocado, di que todos os grupos representados nas Corporacións, e iso é mentira, pregunta quen consultou con eles. O texto do correo electrónico que lles enviaron dicía que dende o Consorcio das Mariñas acordouse aprobar no pleno de todos os concellos que forman parte del, un manifesto en contra da violencia de xénero, polo que se remitía o modelo e que se ía ler, e se dicía que se querían podían achegar algunha proposta e así consensuar ese tema delicado. Tamén se dicía que o próximo luns se daría lectura ao manifesto nas Corporacións respectivas, e quedaban á espera das súas suxestións. É máis, dicía que enviaban o manifesto contra a violencia de xénero consensuado por todos os partidos das Corporacións dos concellos que forman parte do Consorcio. Di que aí hai algo que falla.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle que de acordo, que ao mellor o que falla é que Esquerda Unida non ten representación no resto dos concellos do Consorcio das Mariñas.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que fallan eles, porque están representando ao Concello de Cambre no Consorcio, e o que pon no texto é todos os partidos políticos representados nos concellos do Consorcio das Mariñas.

Por outra banda, di que lle gustaría que se concretase un pouco máis polo miúdo que medidas se van impulsar para loitar en contra da violencia de xénero. Pregunta en que se van concretar esas medidas ás que fai referencia o propio manifesto.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que as medidas se concretarán cando teñan a próxima reunión, que seguramente a fagan en canto pasen estes festivos, a partir de aí tomaranse unha serie de medidas, cunha serie de propostas de todos os concellos que compoñen o Consorcio das Mariñas. Di que parece mentira, xa o dixo antes, e que o sente moito, porque no Consorcio das Mariñas hai grupos de todos os partidos, e o que querían era chegar a un consenso, cousa que lle parece moi importante, estar de acordo en algo. Todos cometen erros, todos os grupos e todas as persoas de todos os partidos, pero alí se trataba única e exclusivamente de chegar a un consenso en algo, como mínimo no tema da violencia de xénero, e ela lamenta a intervención do Sr. Taibo, que ela cre fóra de ton, porque estaban todos os

concellos que compoñen o Consorcio das Mariñas de acordo para estar unidos en algo polo menos, que é na loita contra a violencia de xénero, e tratábase diso nada máis.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que ninguén discute o sentir do manifesto, niso están todos de acordo, pero que a Sra. concelleira fala de todos os partidos e todos os concellos, e el fala de pluralidade política. Pregunta canta pluralidade política hai aí, el sabe que son as circunstancias e que foron os cidadáns os que elixiron a representación que hai no Consorcio, pero que el saiba só hai tres ou catro partidos representados, e esa é a pluralidade á que el se refire. Di que el está a favor da pluralidade.

En canto as medidas que se van tomar, dixo a Sra. concelleira que se van tomar na vindeira reunión, parécelle perfecto, xa lle pedirá a información.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que lle fará chegar a información. En canto á representación que hai no Consorcio das Mariñas a decide o pobo, é unha decisión do pobo e están representados por maiorías, non porque o diga ela ou porque o diga ninguén, son maiorías e EU non ten representación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que no Concello de Cambre si a teñen.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel di que por suposto, pero que isto se levou a todos os concellos e ela non pensou que fose un tema de polémica para nada, porque é algo no que todos estiveron de acordo, tanto concellos de esquerdas como de dereitas.

#### **6º Mocións ou propostas urxentes**

Antes de votar a urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén trae unha moción urxente, que non sabe se lla pasou o Sr. Andreu, e gustaríalles que tamén se votase a súa urxencia.

O Sr. alcalde manifesca que, se non lle parece mal, tratarán primeiro a moción presentada por EU.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde concelleiro do GM, e abstense don Manuel Marante Gómez do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**A) Moción do grupo municipal de Esquerda Unida sobre o coidado e protección do arboredo do Campo da Feira de Cambre.**

Rexistrada de entrada ao núm. 15894 o día 24 de novembro de 2012, consta do seguinte teor literal:

“Recentemente con motivo do proxecto de remodelación do Campo da Feira de Cambre, elimináronse varias árbores da súa alameda. A corta en cuestión está baseada nun informe realizado por unha empresa privada que xustifica o elevado risco de fractura que implicaba perigo para os veciños e bens materiais.

Non é política de EU opoñerse a actuacións que contemplan melloras de acondicionamento do noso patrimonio público, pero neste caso é noutros recentes temos que manifestar a nosa rotunda disconformidade polo procedemento empregado, ao non ter tomado as medidas preventivas baseadas en asesoramento de expertos de organismos públicos, para poder contrastalos cos informes en cuestión. Entende a nosa organización que realizar as obras do Campo da Feira non é incompatible co respecto que se debe dar ao arboredo e a este lugar emblemático.

A árbore contribúe ao enraizamento da cultura no lugar e á mellora das condicións de habitabilidade no medio urbano, factores ambos, determinantes para a calidade de vida no noso concello.

É un feito evidente que coa desaparición destas árbores, pérdese unha parte importante da historia natural do noso pobo e do noso patrimonio máis prezado, estes seres vivos formaban parte do entramado urbano do noso concello, dos que baixo a súa sombra se desenvolveron numerosas tradicións, actividades e feitos que marcaron o que hoxe forma o noso municipio.

O carácter de área de especial protección e a súa condición de espazo catalogado onde se realiza a actuación, ten un significado importante para Cambre, e debe seguir conservando ese carácter de grandeza a través dos anos; correspóndelle aos gobernantes a tarefa de preservalo para o futuro, e non deben ignorar nin ser insensibles á longa tradición histórica de amor á natureza dos cambreses, e si prestarlle especial protección.

En múltiples ocasións o grupo municipal de Esquerda Unida vén demandando dos distintos gobernos do concello, actuacións concretas que emenden a deterioración e enfermidades que padecen estas árbores sen que ata o momento se realizaran actuacións significativas respecto do problema.

A alameda de Cambre é un emblema do noso pobo e da nosa memoria, constituíndo e formando parte do noso Patrimonio Histórico Natural e Cultural, non podemos permitir que desapareza.



Co fin de evitar que esta situación se repita no futuro, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que por parte do goberno se realice de forma periódica e mediante asesoramento de expertos, os labores de poda, cura de feridas superficiais dos troncos, saneamento e drenaxe das cavidades, así como o selado mediante mallas que permitan a ventilación co fin de acumular residuos.

Segundo: Que o goberno regule mediante unha ordenanza municipal a protección específica do arboredo no conxunto do termo municipal, mediante as condicións técnicas e biolóxicas que permitan poñer en práctica os tratamentos axeitados para a súa conservación.

Terceiro: Que se extremen as medidas para protexer especificamente as árbores dos parques públicos de Cambre polo seu gran valor histórico, ecolóxico e sinal de identidade do noso pobo.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Taibo Casás que está a presentar unha moción coa que todos están de acordo, absolutamente todos, pero está a presentar esa moción para rizar o rizo. Dille iso porque el non entende nada, el está de acordo con que as árbores hai que coidalas, que son emblemáticas, e que ademais están protexidas por patrimonio cultural dende hai bastantes anos, é máis, para facer a obra na praza tiveron que pedir permiso a patrimonio cultural polo tema das árbores.

Segue dicindo que hai un informe do ano 2000 que mandaba cortar dezaseis árbores, respecto do cal o voceiro de EU dixo que era da empresa que traballa para o concello. Non contentos con iso volveron pedir outro informe no ano 2011, cando o tema da obra da praza, e ese informe di exactamente o mesmo, que esas árbores estaban totalmente enfermas. Pregúntalle, entón, se o que había que facer era deixalas como estaban, esperar a que morreras e despois levantar a praza para poñer unhas novas. Pregunta se non era mellor cortar as árbores agora, como mandaba o informe. Ao final cortaron soamente seis árbores das dezaseis das que falaba o informe, para poñer unhas novas agora e non ter que levantar a praza despois.

Di que el xa sabe que as árbores están protexidas, e el é o máis interesado, é máis, di que o Concello de Cambre, no *Boletín Oficial da Provincia* n.º 222 do 27 de setembro de 1994, xa define os xardíns, e precisamente o Campo da Feira de Cambre e o seu arboredo están no catálogo das Normas subsidiarias.

Continúa dicindo que el está de acordo co Sr. Taibo no punto primeiro, iso para o próximo contrato que se faga coa empresa que se encargue dos parques e xardíns de Cambre. Tamén está de acordo co punto terceiro da moción, pero non está de acordo co punto segundo que fala de que o goberno regule este tema mediante unha ordenanza municipal. Pregúntalle para que quere unha ordenanza se está nas propias Normas subsidiarias, e agora vai estar no próximo Plan xeral. Volve dicir que el non o entende.

En canto ás árbores que teñen na estrada que vai da Estación ata Os Campóns, di que non son competencia do Concello de Cambre, xa que están na zona pública dunha estrada da Deputación provincial, polo tanto, pregunta para que vai facer unha ordenanza se están reguladas por Patrimonio.

Conclúe dicindo que no resto está de acordo co voceiro de EU, e que votarán a prol sempre e cando suprima o punto segundo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, no ano 2000 emítese un informe por unha empresa dicindo que non había que cortar nin cinco, nin sete árbores, senón que había que cortar todas as árbores. Agora o Sr. alcalde fala dun informe posterior, pero el tivo o interese de ler todo o expediente e no último informe, o que fai o biólogo do proxecto de remodelación do Campo da Feira, no tomo dous, nas páxinas cen a cento trece, incluso contradí o anterior informe, porque di que se fixo unha valoración un pouco subxectiva, xa que dende o ano 2000 ata o de agora se cortaron seis árbores, cando habería que cortar trinta ou corenta, e resulta que agora, en dous anos, só se cortaron seis. Entende que o perigo é relativo, e que existe unha contradición, porque no ano 2000 case había que cortar todas as árbores, porque todas estaban mal, iso segundo o primeiro informe, un informe que para eles é parcial. Di que o seu grupo pediu un informe no seu día, e incluso o Sr. Marante dixo que se facía falta pedir un informe á Universidade, que se pediría. Se ese informe do centro público estivera de acordo co primeiro que se fixo, entón tamén eles estarían de acordo e terían recoñecido que había que cortar as árbores e repoñelas por unhas novas, sen dúbida, porque non poderían dúbida diso.

Continúa dicindo que non entende o interese por ese informe de hai once anos, que agora mesmo quedou obsoleto, porque o propio informe do biólogo recoñece que está obsoleto. Expón que non se cortaron nin trinta nin corenta árbores, que se cortaron seis, e que o propio biólogo dicía que había que cortar tres, por iso ao mellor non había que cortalos. O Sr. alcalde falaba de suprimir un dos puntos da moción, pero ao mellor o que si había que facer é coidalos, como a todo ser vivo, e así non había necesidade agora de cortalos. Di que esas árbores duran séculos, con coidados e con mantemento, e por iso se refiren ao mantemento. El viu eses coidados en moitos sitios, e se iso se tivera feito en Cambre a través dos anos, e non lle vai votar a culpa ao alcalde de agora, porque non leva tantos anos, se se tiveran coidado, ao mellor non había agora esa necesidade de cortar as árbores.

Expón que en Cambre os únicos coidados que se fan son, cando chega o verán, cortar, podar e punto, non se fan outro tipo de curas. Di que neste concello se teñen inxectado as árbores con ácido, iso figura no informe do concello, e de aí o coidado, a vixilancia e a protección que ten que haber, e á que apelan eles, os que realmente queren a este pobo, e a este Campo da Feira, porque el non concibe o Campo da Feira sen árbores, e por iso é esa loita permanente polo seu coidado, e aínda lle parece pouca, porque se tiñan que implicar máis.

Respecto das árbores da estrada da Estación, xa sabe que son competencia da Deputación, pero di que ao mellor o concello tamén ten que vixiar de vez en cando, porque están no solo público de Cambre. Di que eles, non hai moito tempo, presentaron neste pleno unha moción, ou unha pregunta, para que se fíxera un inventario das árbores senlleiras do concello, porque como recolle o informe do biólogo, iso lles daría a posibilidade e a oportunidade de recadar subvencións dos organismos públicos para coidar as árbores, e repite que esas árbores son senlleiras e poderían estar perfectamente inventariadas. Esa é a súa inqueda.

Respecto do segundo punto da moción di que non entende por que o Sr. alcalde quere eliminar ese punto, se está de acordo con todo, non entende por que quere eliminalo.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille que llo vai explicar, e que llo vai ler, porque ao mellor o Sr. Taibo non se deu conta cando o escribiu. Di que el está de acordo coa moción, e con coidar as árbores, pero que o Sr. Taibo se equivocou, por moito que lle diga que leu o informe da páxina dezaseis á douscentos tres.

Don Luis Miguel Taibo Casás intervén para sinalar que non é a páxina dezaseis, senón da páxina cen á cento trece.

Continúa dicindo o Sr. alcalde que ben, que da páxina cen á cento trece, pero que se o Sr. Taibo entendeu o informe cando o leu, ese informe pon dezaseis árbores, non todos, e están falando dun informe feito no ano 2000. Explica que no ano 2011, o goberno actual, como non se fiaba dese informe, fixo outro ao que tiveron acceso os demais grupos políticos, e no que se mandaba cortar como mínimo seis árbores, que son os seis que se cortaron. Independentemente diso di que é o primeiro en estar de acordo co voceiro de EU en que hai que protexer as árbores, sobre todo as árbores que teñen nas prazas públicas e nos parques do concello, co que non pode estar de acordo é con que no punto segundo se diga “que o goberno regule mediante unha ordenanza municipal a protección específica do arboredo no conxunto do termo municipal”, é dicir, os bosques, as fragas e incluso as árbores que se plantan para cortar, pregunta se tamén hai que protexer esas árbores, porque están para iso, e segue lendo “mediante as condicións técnicas e biolóxicas que permitan poñer en práctica os tratamentos axeitados para a súa conservación”, fala na moción de todo o termo municipal e con iso non pode estar de acordo, é máis, as árbores que teñen protexidas xa as teñen protexidas. Di que se o voceiro de EU elimina o punto segundo, entón votarán a prol da moción, pero se falan de protexer as árbores no conxunto do termo municipal, entón pregunta que vai pasar co que ten un bosque para cortar, coa persoa que planta masa forestal para cortar.

Pensa que igual o Sr. Taibo Casás non se deu conta do que estaba escribindo. Non di que non fora un erro no momento de transcribir, pero iso non llo pode aceptar, de ningunha das maneiras, e quen llo acepte comete un erro, porque pregunta para que se planta unha masa forestal se non é para talar, e para sacarlle rendemento e volver a replantar. Conclúe dicindo que aínda menos aprobando unha ordenanza municipal.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el sabe perfectamente o que escribiu, e di que esta moción estase referindo ao patrimonio público. Pregunta como se vai meter el ou o concello na propiedade privada, volve reiterar que se refire ao patrimonio público, e dille ao Sr. alcalde que se el o interpreta doutro xeito, pois vale, o interpreta doutro xeito, pero que están falando do patrimonio público, que o Campo da Feira é patrimonio público, e cando se presentou a moción das árbores senlleiras, tamén é patrimonio público.

Di que lle vai facer outra puntualización, que xa hai unha ordenanza que recolle o tema da protección das árbores, e parece ser que o Sr. alcalde non a leu. Refírese á ordenanza de medio ambiente, que recolle a protección das árbores, polo que se trata de reforzar un pouco máis esa ordenanza, porque a propia ordenanza de medio ambiente xa fala da protección das árbores do Campo da Feira, e repite que só se trata de reforzar un pouco máis a ordenanza, porque cren que hai que facelo, porque xa ven a anarquía que ata o de agora había co tema das árbores. Conclúe dicindo que non é nada máis que iso, que non cre que estean a pedir nada doutro mundo, o que se pide é que se coide o patrimonio deste concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), expón que, efectivamente, a conclusión que saca ao final ese informe é que hai que substituír todas as árbores do Campo da Feira, pero non é así como que hai que cortalas todas, o que di é que hai unhas cantas, e está feita unha analítica de cada unha das noventa e cinco árbores, que deberían ser abatidas inmediatamente, esas son as dezaseis das que faláron. Algúns xa se abateron antes de comezar coa reforma do Campo da Feira, como por exemplo un diante da caixa de aforros, e plantouse outra da mesma especie no mesmo lugar, e tamén agora vanse plantar outras da mesma especie no lugar dos que se cortaron.

Explica que desas árbores que se cortaron, hai uns anos caeu un operario ao arrimar a escaleira para podala e rompeu un brazo. Segue dicindo que hai unhas árbores que estaban nun estado, non de descomposición, pero moi deterioradas e moi enfermas, e iso, tamén o di o informe, foi consecuencia das podas esaxeradas e indiscriminadas que se fixeron cando as árbores eran pequenas, cando no seu crecemento se lles cortaron as polas pegadas ao tronco, e repite que iso foi por podalas mal ao comezo, non porque se poden mal agora, e o que di o informe é que deberían irse substituíndo ás árbores segundo unhas cores e prazos que veñen sinalados no propio informe. O que se propoñía era substituílos pouco a pouco todos, e logo podalos como Deus manda, para que non sufran o que están sufrindo agora practicamente todos os que están agora no Campo da Feira.

Conclúe dicindo que iso é o que pon o informe, non que se corten todas, senón que se debería facer pouco a pouco esa substitución, agás unhas poucas que había que substituílas rapidamente polo risco que supoñían para as persoas. En todo caso, é só unha aclaración, porque non quere entrar en polémica co tema.

Concedida a palabra a don Luis Manuel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, o informe fala do que dixo don Manuel Marante, da substitución progresiva do arboredo, pero tamén di ese informe que, menos cinco árbores, todas estaban mal, e por iso falaba de cortar progresivamente durante os anos.

Tamén é certo que nesa zona se cortaron algunhas árbores, don Manuel Marante falou concretamente dunha que estaba xunto á caixa de aforros, pero cortáronse moitas árbores que non se replantaron, a pesar de que EU, reiteradamente, pediu que se replantaran. Por iso, como no concello non se facía caso, o seu grupo denunciou o tema ante a consellería, ante a Xunta de Galicia, e o que ocorreu foi que se replantaron as árbores, e que se replantaron a raíz da denuncia de EU. Sinala que ten toda a documentación do tema, é máis, a raíz diso, o Concello de Cambre, en xaneiro do 2011, tivo que pagar unha multa de dous mil euros por non pedir permiso a Patrimonio para cortar as árbores, e logo tiveron que replantalas.

Respecto da poda di que, efectivamente, o propio informe recolle que as podas non se efectuaron como se tiñan que facer, pero di que para iso están os responsables do concello, para dicir como se teñen que facer. Explica que o que se facía eran unhas podas que se chamaban cabeza de gato, que non son as máis idóneas para ese tipo de árbores, pero reitera que para iso deben estar os responsables do concello, porque el diso entende pouco, pero para iso hai uns responsables.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, di que, efectivamente, as podas fixéronse mal, pero se agora están podres, non queda outra que substituílas e despois facer outro tipo de poda. Para el o perigo que entrañaban moitas desas árbores estaba claro, e se despois se repoboaron grazas á achega ou denuncias de EU, pois el alégrase de que se fixera, e de que se repoboara, porque el non está por quitar as árbores do Campo da Feira, senón que está porque haxa seguridade no Campo da Feira, que son cousas distintas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el tamén coincide no tema da seguridade, pero de todos os xeitos, moito perigo estes días non debe de haber, porque el ve sobre quince obreiros traballando na zona e ningún anda con casco, así que moito perigo non debe de haber.

Respecto do informe, di que o devandito informe contempla que o 89,36% das árbores do Campo da Feira están mal, e soamente un 10% se salva, e iso é o que di o informe, que lle custou moito ler.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que hai que votar a moción, e para iso el necesita saber que fai co punto segundo.

Continúa dicíndolle ao voceiro de EU que está interpretando, mentres que el simplemente non interpreta, el le o que pon. Dille ao Sr. Taibo que é moi amigo dos

papeis e que cando lle presenta un e-mail dicindo non sabe que, llo presenta porque está escrito desa forma, sen interpretar nada, e dille que el tampouco quere interpretar nada, límitase ao que xa dixo, se o Sr. Taibo Casás retira o punto segundo da moción, o seu grupo vota a prol, porque está de acordo en que as árbores hai que protexelas e conservalas, e el tamén os protexe no seu terreo.

Ante as palabras do voceiro de EU o Sr. alcalde aclara que non se trata só do que pon no texto sobre o conxunto do termo municipal, senón que tamén fala de facer outra ordenanza, cando as árbores xa están protexidas no catálogo das Normas subsidiarias.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que non pide outra ordenanza, a moción pon unha ordenanza, e antes xa dixo que existía unha ordenanza, e o único que pide é que se regule mediante unha ordenanza. Di que na moción non fala de “outra ordenanza” fala simplemente de “unha ordenanza”.

O Sr. alcalde manifesta que iso a moción non o explica, e el non ten porque interpretalo. El o que lle solicita ao Sr. Taibo é que retire o punto segundo, porque está de acordo con el en que hai que protexer as árbores, e coa empresa que se contrate haberá que ter en conta o punto primeiro e terceiro da moción, pero dille que co punto segundo non pode estar de acordo ningunha persoa sensata.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que iso habería que velo, ver ata que punto teñen sensatez ou teñen unha sensatez totalmente distinta. El o que lle di é que se queren poden engadir no texto a expresión patrimonio municipal, e xa está.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que para buscar unha saída consensuada, e tamén para acelerar un pouco o pleno no posible, se se recoñece que xa existe esa ordenanza ou polo menos a regulación, podería establecerse no punto segundo como proposta “que o goberno regule mediante unha ordenanza municipal a protección específica do arboredo de titularidade pública do conxunto do termo municipal mediante as condicións técnicas e biolóxicas que permitan poñer en práctica os tratamentos axeitados para a súa conservación”.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que é o que acaba de dicir el.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que lle parecería un pouco máis razoable, ou un pouco máis adecuada a redacción se poñen “que o goberno revise as ordenanzas municipais que regulen a protección...”, e así facer unha revisión das ordenanzas e se hai que modificar algo, modificalo, e se non hai que modificar nada, pois non modificalo.

Tras debater os concelleiros presentes as distintas posibilidades de redacción, o Sr. alcalde manifesta que, se están todos de acordo, a redacción do punto segundo quedaría redactada da seguinte maneira: “que o goberno regule mediante a ordenanza municipal a protección específica do arboredo de titularidade municipal, no conxunto do termo

municipal, mediante as condicións técnicas e biolóxicas que permitan poñer en práctica os tratamentos axeitados para a súa conservación”.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que por parte do goberno se realice de forma periódica e mediante asesoramento de expertos, os labores de poda, cura de feridas superficiais dos troncos, saneamento e drenaxe das cavidades, así como o selado mediante mallas que permitan a ventilación co fin de acumular residuos.

Segundo: Que o goberno regule mediante a ordenanza municipal a protección específica do arborado de titularidade municipal, no conxunto do termo municipal, mediante as condicións técnicas e biolóxicas que permitan poñer en práctica os tratamentos axeitados para a súa conservación.

Terceiro: Que se extremen as medidas para protexer especificamente as árbores dos parques públicos de Cambre polo seu gran valor histórico, ecolóxico e sinal de identidade do noso pobo.

A continuación, o Sr. alcalde solicita ao voceiro do grupo municipal de UxC que xustifique a urxencia da moción que presentou.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, expón que o motivo de traer esta moción para que sexa tratada como urxente é a necesidade que teñen de tratar politicamente a modificación puntual do plan parcial da actuación industrial do Espírito Santo Cambre-Sada, xa que nestes momentos está en período de exposición pública, que remata o día quince ou dezaseis de decembro, e o próximo pleno que terían para debatela sería o 27 de decembro, polo tanto, non teñen tempo para iso e de aí a súa urxencia.

Así pois, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**B) Moción do grupo municipal de UxC relativa á paralización do procedemento da modificación puntual do plan parcial da actuación industrial do polígono industrial Espírito Santo: Cambre-Sada, con base no disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais**

Consta do seguinte teor literal:

“O Plan xeral de ordenación municipal é o instrumento guía da planificación e da xestión municipal na ordenación territorial. O Concello de Cambre ten contratada á Unión Temporal de Empresas “Enxeñeiros e Arquitectos Consultores Idom, S.A” – “Arnaiz Consultores S.L” - por importe de 346.698,39 euros, dende o 14 de decembro de 2010 para realizar os traballos necesarios para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal, e poder ser aprobado definitivamente nesta lexislatura tal e como se reflicten nos tempos establecidos no contrato.

Da análise realizada do expediente de modificación parcial do Espirito Santo-Cecebre, que se lles facilitou o día 23 de novembro, observamos o seguinte:

O 12 de maio de 2010 iníciase a tramitación a instancia da mercantil GTE, General de Terrenos y Edificios, propietario do 18% (a lei esixe o 50% da propiedade para os plans de iniciativa privada).

Esta modificación do plan parcial afecta a dous municipios: Cambre e Sada.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, no seu artigo 82 di:

“Ordenación urbanística que afecte a varios municipios (competencia para a súa formulación)

1. Se as necesidades urbanísticas dun territorio que afecte a varios municipios aconsellasen a súa ordenación conxunta, o conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio poderá declarar a súa procedencia, de oficio ou a petición de todos ou algúns dos municipios afectados.”

Na páxina 12 do documento podemos observar como o Concello de Sada, no seu informe de data do 6 de xuño do 2011, oponse a ser promotor desta modificación puntual, por entender que é unha empresa privada a que promove a dita modificación e non ve o interese público no que se fundamenta esta. Non atopamos no expediente documento do Concello de Cambre no que se sitúe sobre estas cuestións que entendemos prioritarias, para os efectos da tramitación do expediente.

Visto o anterior, cal é o interese que obriga ao concello a seguir coa tramitación?



Baixo o noso criterio, o que se pretende con esta modificación puntual é permitir a subdivisión de parcelas de industria illada para convertelas en parcelas de industria niño, o que é igual, unha nave de 100m<sup>2</sup> cunha soa actividade poder convertela en 3 naves de 300m<sup>2</sup> con tres actividades distintas.

Entendendo que dende o goberno municipal se debe garantir o interese público nesta modificación puntual, non vemos por ningures o beneficio que unha modificación como esta debe de achegar ao concello, vía reservas de espazo, aproveitamento, dotacións, etc.

Vémola como unha actuación meramente especulativa, para obter un beneficio empresarial vendendo lotes pequenos.

En conclusión, tendo en conta que estamos nun período de crise excepcional, e cun Plan xeral de ordenación municipal en tramitación, e ademais, como xa vimos:

- O Concello de Sada afectado na ordenación, a día de hoxe, e segundo o expediente, oponse
- Non se dan as condicións de interese público e social polas cales o Concello de Cambre puidese ter interese nesta actuación

Polo que o grupo municipal de UxC propón ao Pleno o seguinte acordo:

Único: Solicitar ao alcalde a paralización do proceso de tramitación iniciado e revisar o acordo de aprobación inicial adoptado.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que non vai entrar no fondo do asunto, porque xa de principio mirando o tema lle xorden dúbidas de legalidade evidentes, pero entrando a analizar o acordo que se propón, no que se solicita ao alcalde a paralización do proceso de tramitación iniciado, cando isto se iniciou por resolución do alcalde, e revisar o acordo de aprobación inicial adoptado, entende que a revisión sería unha revisión de actos anulables, que é competencia do pleno, e entende que debería ter informe xurídico, polo tanto, antes de adoptar ese acordo, para el resulta máis que necesario ter un informe xurídico que avale a súa legalidade, porque non ten nin moito menos claro cales poden ser as consecuencias xurídicas, ou incluso se algún dos concelleiros pode incorrer en responsabilidade por adoptar un acordo como ese.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que el antes de presentar a moción falou cos técnicos municipais, e ningún dos dous técnicos cos que falou puxo ningunha obxección a ningún parágrafo da moción. Segundo eles non había ningún problema para debatela e votala neste pleno.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que está presente a secretaria xeral para facer valoracións xurídicas, e talvez lles poda sacar agora da dúbida xurídica.

Concedida a palabra á secretaria xeral do concello, expón que na moción o único que se está a solicitar é a paralización polo Sr. alcalde do proceso de tramitación iniciado e revisar o acordo. Se é revisar o acordo, non se estaría adoptando ningún acordo que estea afectando a dereitos de ninguén, trataríase, polo tanto, simplemente de, mediante o correspondente estudo polo técnico que corresponda, revisar o expediente, nada máis, é dicir, non se estaría anulando nada nin se estaría, neste caso, metendo en competencias do alcalde, que foi, efectivamente, quen resolveu os primeiros acordos. Non obstante, se teñen en conta que este tema ten que vir ao pleno para a súa aprobación definitiva, está claro que se hai que revisar algo, o lóxico é que se revise antes de que se traia ao pleno, porque definitivamente é o pleno quen o ten que aprobar co correspondente informe e demais da Xunta. Conclúe dicindo que, polo tanto, neste caso non se produce efecto xurídico de ningún tipo.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que segundo se di na proposta de resolución do xefe da área de Urbanismo o alcalde é o órgano competente para a aprobación inicial e provisional desta modificación puntual, o cal, xa está feito, e a continuación, no parágrafo seguinte, di que o órgano competente para a súa aprobación definitiva é o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, iso de conformidade co artigo 89.1 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística.

Segue dicindo que se este tema tivera que ser aprobado definitivamente polo Pleno, ao mellor non tiña tantas dúbidas, porque o asunto ía ter que ir ao Pleno en todo caso, pero se no informe-proposta o técnico xefe de área de Urbanismo di que a competencia para a aprobación definitiva é do conselleiro, entón si que lle entran dúbidas.

A secretaria xeral explica que, efectivamente, neste caso ela consultou co técnico municipal, e non sabe, pero se a ela lle din que este tema ao final ten que vir a pleno, se iso é así, ela loxicamente mantén o dito. Se ten que vir ao pleno o lóxico é que se revise antes, porque revisar é revisar, non é adoptar ningún acordo, trátase de paralizar e revisar o expediente, non de adoptar un acordo de paralizar e denegar, polo tanto, como non produce efectos xurídicos de ningún tipo, é polo que para ela isto é unha moción non resolutive, porque non se adopta ningún acordo. Agora ben, ela sabe o que lle dixo o técnico municipal e non pode entrar agora noutras disxuntivas.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que a secretaria está a dicir unha cousa, pero el ten un informe técnico que di outra distinta, e tamén é dun técnico desta casa, por iso é aí onde lle entran as dúbidas, porque non está seguro de que isto sexa competencia do Pleno.

A secretaria xeral explica que o mesmo técnico lle dixo a ela que isto tiña que vir a pleno, e ela está falando polo que el lle dixo, non viu o informe para nada. Non obstante, a efectos xurídicos segue dicindo o mesmo, que non produce ningún efecto xurídico.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que hai moita xente que di unha cousa no papel e outra de palabra. Di que o mesmo técnico municipal lle dixo tamén a el que este tema tiña que vir a pleno, e que esta moción, que ese técnico leu, non ía ter ningún tipo de problema en debatela. Por outra parte, do que están falando é de paralizar o proceso de tramitación iniciado e revisar o acordo, non están pedindo nada fóra do normal. Están pedindo que politicamente, os representantes políticos dos veciños, que son todos os que están presentes, poidan ter a información necesaria para facer unha valoración política do que se pretende coa modificación do plan parcial do Espírito Santo, porque a gran maioría dos presentes non sabían de que ía este tema que está en exposición pública ata o día quince ou dezaseis de decembro.

Continúa dicindo que se non toman este acordo, o Sr. alcalde vailles obrigar a facer as alegacións cada un polo seu lado, polo que van vir un montón de alegacións e vai ser o mesmo. Sinxelamente piden que o paralicen, que se revise, e ver entre todos que queren facer co polígono industrial do Espírito Santo.

Explica que o que se pretende facer vén dunha empresa privada, e o Sr. alcalde non tiña por que asinar, tomou unha decisión que é súa, asinar e facer promotor ao Concello de Cambre. Pero di que igual promotor ten que ser o Concello de Sada, e pola contra, o único documento dese concello que hai no expediente é para dicir que non ve, en absoluto, interese público ningún en facer a modificación, iso é o que está recollido no expediente tal e como eles o ven. Di que igual están equivocados, non di que non, pero por iso o que solicitan é que se paralice, que se discuta, e ver que é o que queren facer, porque se ao final vai vir ao pleno, tanto mellor tratalo agora que non tratalo despois, non facerlle gastar cartos á empresa, nin facer que os empresarios de Cambre teñan esperanzas en que sexan legalizadas as súas empresas e as súas actividades coa modificación. Ademais, di que non é verdade todo o que se está a dicir por parte da empresa privada, é un erro, está falando cos empresarios, e para desilusionalos ao final, é mellor parar agora, e ver exactamente que queren facer co polígono industrial do Espírito Santo, e máis cando teñen a elaboración dun Plan xeral en marcha dende o 2010.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que el entende que cando os informes técnicos dun proxecto deste tipo pasan por todos os técnicos, e todos lle dan o visto e praxe, non pode vir o Sr. García Patiño a dicir que o alcalde fixo promotor ao concello do polígono do Espírito Santo, porque iso non é verdade. Os promotores seguen sendo as empresas privadas, o concello non é un promotor.

Di que o voceiro de UxC presentou unha moción que directamente leu no pleno, e parécelle moi ben, pero se a tiveran presentado en tempo e forma, como se fixo coas demais, igual el podería ter estado preparado para contestar, en todo caso, el ten gardado o informe técnico de cando asinou a resolución, e trátase de abrir o prazo de exposición pública e poder presentar alegacións, se non se presentan mandalo á Consellería de Infraestruturas, e cando o devolva, vir ao pleno para a súa aprobación, e todo iso non é facer promotor ao Concello de Cambre nun polígono industrial, o Sr. García Patiño

pode dicir que si, pero el di que non, porque ten o informe que fixeron os técnicos do concello, e é claro. El non ven preparado como eles, porque senón teríalle lido.

Dito isto, manifesta que como hai máis persoas que queren intervir, simplemente quere facer unha aclaración, porque ao mellor pode sospeitarse que a súa firma fai promotor ao Concello de Cambre, e el quere deixalo ben claro, el asina un expediente para que se expoña ao público porque os informes técnicos deste concello din que pasa todos os reparos habidos e por haber para ir á exposición pública, que logo, politicamente, o paren, iso será unha decisión que terán que tomar entre todos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que ao seu grupo municipal parécelle unha moción moi acertada, así como traela neste momento, porque parece como se detrás desta operación de modificación do plan parcial, non existe, porque non aparece por ningures, un interese público, nin que Cambre se beneficie dalgún xeito. Polo tanto, parece unha mera operación especulativa, e é obriga de todos os presentes na Corporación, eliminar esa sospeita, buscando sempre os intereses da totalidade do concello, que nesa tramitación non aparecen por ningures.

Di que o que é certo é que se está cambiando o espírito inicial de cando se aprobou ese plan parcial e se definiron os solos no polígono do Espírito Santo. Eles mesmos hai uns meses trouxeron tamén un rogo no que solicitaban que se instara ao SEPES á reversión da venda que se fixo no seu momento nas parcelas que son na actualidade propiedade da Empresa General de Terrenos y Edificios, que é unha empresa participada ao 100% polo Banco Pastor.

Segue dicindo que entenden que o cambio das definicións das parcelas de mil metros a trescentos metros, desnaturaliza totalmente a orixe e as pretensións industriais do polígono do Espírito Santo para ser un polígono terciario meramente comercial ou de pequenas empresas de sector comercio. Nese sentido cren que hai que coller o touro polos cornos, é unha oportunidade que teñen agora, xa que se está movendo o tema, para que o goberno municipal se poña ao fronte do asunto e faga da necesidade virtude, e busque algún tipo de acordo cos propietarios deses setenta ou oitenta mil metros cadrados, que é a empresa General de Terrenos y Edificios, para que en realidade se desenvolva de común acordo un plan industrial destinado a dotar a ese solo das industrias máis adecuadas en función do momento.

Cre que é un bo tema, e tendo en conta que alí non hai ningún tipo de edificación, hai que xestionar e chegar a acordos no posible para que, en realidade, sexa un foco de riqueza para o municipio, cousa que case nunca logrou o polígono industrial do Espírito Santo porque se desvirtuou en moitos momentos a súa finalidade, a finalidade das parcelas. Conclúe dicindo que nese sentido o seu grupo vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que este debate se tería evitado se houbo un pouco máis de diálogo, e se este goberno lle dera un pouco máis de participación á oposición, sobre todo tendo en conta

que está en franca minoría. Pídelle ao Sr. alcalde que imaxine o que pasaría se este asunto chega ao pleno e se vota en contra, iso tiña que telo pensado, sobre todo tendo un goberno en minoría.

Segue dicindo que debería poñer en coñecemento da oposición as modificacións que se van facer en determinados plans parciais, neste caso, no polígono do Espírito Santo, porque non hai moito, un ou dous anos, esas modificacións non se podían facer, chegaba xente a falar cos técnicos municipais e botaban as mans ao ceo porque non se podía facer o tema das naves niño. Por levalo a outro ámbito, di que é como se fixeran pisos patera, é algo parecido, nunha nave montar cinco ou seis industrias, como se tes un piso e metes a cinco familias nel. Por iso el cre que se houbese un pouco máis de diálogo, este debate teríase evitado, e sobre isto o responsable, ou é o alcalde, ou o concelleiro de Urbanismo.

Conclúe dicindo que o que si lle pediría, á marxe desta moción, a cal o seu grupo vai votar a prol, é que con urxencia convoque aos grupos para falar deste tema e doutros tamén urxentes.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que, de xeito breve, quere agradecerlle publicamente a UxC o traballo realizado e a oportunidade de presentar esa moción.

Dende o BNG están un pouco estupefactos porque lles parece algo moi obvio, e non entenden porque se están facendo as cousas tan complicadas. Di que a eles lles gusta falar claro, e o que ven detrás disto, baseándose na información e o traballo realizado por UxC, é unha actividade privada, que é lícita, que busca loxicamente un beneficio, e que é claramente unha actividade especulativa, que busca xogar cuns terreos industriais no Concello de Cambre, e que busca unicamente maximizar beneficio.

Continúa dicindo que quen está detrás disto é, entre outra xente, persoas que tiveron un papel relevante na política de Cambre nos últimos anos e décadas, e que fan da especulación e de xogar cos terreos, fan do beneficio rápido o seu modo de vida, e o fan, ademais, xogando cos intereses de moitos empresarios que ven nisto a oportunidade, de boas a primeiras, de intentar legalizar as súas industrias. Por todo isto, o BNG vai estar, agora e sempre, en contra desta pretendida actuación.

Tomando por boas as palabras do alcalde de Cambre coas que xustifica a súa sinatura, que é a que dá para adiante ao proceso de tramitación da modificación puntual do plan parcial, onde o Sr. alcalde lles di que tivo a favor todos os informes técnicos, xurídicos habidos e por haber, e que non tiña máis que asinar, pois ben, eles queren trasladarlle ao Sr. alcalde que no pleno de hoxe o voceiro de UxC trasladou, e trasladoulle tamén ao alcalde, unha serie de dúbidas razoables sobre a realidade dese plan, dese proxecto de modificación ao respecto de se ten o 18% ou ten o 50%, ao respecto do que dixo o Concello de Sada no seu día, etc., polo tanto, eles un pouco o que reclaman é que o alcalde de Cambre volva pensar por que asinou iso, ou por que non, porque igual, sen

ser cousa súa, fixéronlle a cama á hora de asinar ese documento, e están dicindo isto con total e absoluta claridade.

Segue dicindo que hai cuestións que son moi difíciles de entender, dise e dáse por sentado, como se fose unha verdade inamovible que hai unha demanda diso que se dá por chamar naves niño, e que, por mor da crise, o que se necesita agora son naves e industrias máis pequenas para relanzar a actividade económica, e di que ben, pero que iso terá que sustentarse nalgún tipo de estudo, terá que ter algunha base, por así dicilo, científica, e ao parecer, na documentación de todo este expediente non a hai por ningures. Explica que quen si que fundamenta, e quen si que argumenta a súa postura é o que nese momento era alcalde de Sada, Sr. López Soto, que agora non o é pola decisión dos cidadáns. El recoméndalle a todos os cidadáns de Cambre interesados no tema, a lectura das razóns que fundamentan a postura do Concello de Sada, porque, ademais, cre que gran parte deses argumentos son válidos tamén para o concello de Cambre.

Conclúe dicindo que neste pleno xa se expuxeron moitas cuestións de como debe de ir o tema a partir de agora, presumiblemente isto vai ter que pasar polo pleno, e como dixo o Sr. alcalde, isto ten unha vertente política innegable. Considera que hai cousas que tampouco son moi cómodas de pasar por alto, a primeira frase que dixo o compañeiro don Felipe Andreu Barallobre de que non ía entrar no fondo do asunto é bastante ilustrativa ao respecto de como enfoca o goberno municipal o asunto, para acto seguido advertirlles de que poden estar cometendo non se sabe que acto de ilegalidade votando algo que a secretaria explicou perfectamente, algo que unicamente é unha revisión, e que é o que van votar. Por todo isto, o BNG vai secundar a moción de UxC.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que el tamén está de acordo co sentido desta moción, está de acordo en revisar o acordo inicial adoptado, en que se reúnan os voceiros e despois se verá o que se decide e se hai que facer algunha alegación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM, expón que xa varios compañeiros o dixeron, que unha cousa é que polos informes técnicos teña que estar en exposición pública nestes momentos o asunto, e outra cousa é que poidan ou non estar de acordo con el.

Di que a súa proposta é que, na próxima semana, todos os grupos e voceiros, fagan unha reunión para ver realmente en que consiste todo o tema e analízalo, porque o feito de que haxa un concello que diga que si ou que non a unha proposta, non quere dicir que el teña que estar a prol ou en contra dela, ao mellor está de acordo ou ao mellor está en contra, e tampouco neste pleno están todos de acordo con todo.

El entende que o mellor e darse un tempo, e a semana que vén ver o tema, e ver se incluso se formula algunha alegación conxunta de todos os grupos, que por que non, porque o feito de que teña que estar en exposición pública non quere dicir que non

poidan facer unha alegación todos xuntos a ese tema. Volve dicir que el cre que sería bo que a semana que vén se visen o antes posible, para que non lles pille o touro, e tomar en conxunto a decisión do que se quere facer.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño expón que só quere comentar dúas cuestións. Primeiro quere ler un documento do expediente no que pon: “Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Asunto: solicitude de documentación de inicio en soporte dixital. Plan de modificación do plan parcial da actuación industrial Espírito Santo, sito en Cecebre. Órgano promotor: Concello de Cambre.”

Di que con iso o que quere dicir e que el está seguro de que o Sr. alcalde non vai asinar se sabe que hai unha ilegalidade, está seguro de que o alcalde vai asinar sempre despois dos informes técnicos, que quede claro que está seguro diso, pero segue dicindo que ao asinar esa aprobación inicial o que o alcalde fixo foi facerse promotor desa actuación, cando para facerse promotor desa actuación hai que coñecela, hai que debatela, e o resto de grupos políticos deberían ter coñecemento e dar a súa opinión ao respecto.

Segue dicindo que entraron soamente no que é a décima parte do expediente, porque entende que o trouxeron de urxencia e que ninguén ten a información que pode ter el neste momento, por iso a moción non vai máis aló de solicitar a paralización da tramitación iniciada e revisar o acordo de aprobación inicial. Reitera que non vai máis aló diso, é así de sinxelo, e pide que paralicen a tramitación, que reúnan aos voceiros, a todos co expediente na man, para así poder ver de que están falando, nada máis que iso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el sinxelamente o que lle pediría ao resto de voceiros é que non fagan interpretacións, e menos interesadas, das súas palabras, porque cando el di que non quere entrar no fondo do asunto, é exclusivamente porque non quere entrar no fondo do asunto, se quixese facer unha interpretación ou valoración do fondo do asunto, teríala feito, polo tanto, pide que non fagan entender que el non quere entrar no fondo do asunto porque pensa unha cousa ou outra, porque ao mellor o que ten que dicir é que está de acordo coa moción, e precisamente por estar de acordo coa moción, quere estar seguro de que non está cometendo ningunha ilegalidade co seu voto favorable, porque o seu voto negativo non supón ningunha ilegalidade.

Repíte que quere estar seguro, e agora mesmo, volvendo a ler o informe do técnico no que relata o procedemento, e despois de ler a Lei 9/2002, segue tendo dúbidas, incluso máis que antes, de se o seu voto favorable vai supoñer unha ilegalidade. El, neste momento, nin se pode recomendar a el mesmo, nin aos seus compañeiros, que voten a prol da moción sen ter un informe previo. En conclusión, o que el pediría, aínda que non sabe se o Regulamento orgánico municipal llo permite, é que se elabore un informe antes de facer a votación.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que pensa que xa todos manifestaron as súas posicións con respecto a este tema, e que lle agradece as palabras a don Óscar García Patiño dicindo que o alcalde non vai asinar algo ilegal, e que é algo que poden ter por seguro.

Segue dicindo que todos os informes técnicos e xurídicos do expediente estaban concluídos, é máis, estiveron no seu despacho para a súa revisión, e el pode asegurarlles que o asinou porque había o 50% das firmas dos empresarios do polígono adheridas ao informe, se non fose así, posiblemente xa naquel momento non tería asinado. En todo caso, o que está a dicir é todo con base no informe que ten, xa que el non foi preparado para tratar este asunto no pleno.

Dito isto, o que propón, se os demais están de acordo, é reunirse todos os voceiros a próxima semana, e el comprométese a paralizar o expediente e discutilo con todos os demais, posto que todos expuxeron a súa posición favorable á moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que está de acordo coa proposta do alcalde.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que parece como se houbera dúbidas ao respecto de votar a prol da moción, pero di que el non ten ningún tipo de dúbidas, que a secretaria informou antes perfectamente e el tense que fiar do que informa a secretaria.

O alcalde dille que dúbidas non hai.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a proposta do Sr. alcalde pola que quedaron de acordo en reunirse, é a mesma proposta que facía o seu grupo. Ademais, sinala que o voceiro de UxC dixo antes que moita xente non sabía de que ía o tema, pero dille que algúns deles si que o sabían.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que a maioría non inclúe a todos. Por outra banda, lémbrale ao Sr. alcalde que o día quince ou dezaseis vence o prazo de exposición pública, polo que é urxente facer antes a reunión.

O alcalde informa que o luns os citará a todos para facer a reunión o próximo mércores.

## **7º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm.1717 de data 29 de novembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús González Roel dende o día 3 ao 8 de decembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos



cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm.1718 de data 29 de novembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Marta María Vázquez Golpe dende o día 3 ao 6 de decembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm.1719 de data 29 de novembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 3 ao 9 de decembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe de Tesourería, de data 26 de novembro de 2012, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2012.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- o Os pagamentos realizados no trimestre natural (anexo 1)
- o Intereses de demora pagados no trimestre natural (anexo 1)
- o As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final del (facturas en fase de obriga recoñecida e pagamento ordenado) (anexo 2)
- o As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2)

- Do informe de Tesourería, de data 26 de novembro de 2012, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2012.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- o Os pagamentos realizados no trimestre natural (anexo 1)
- o Intereses de demora pagados no trimestre natural (anexo 1)
- o As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final del (facturas en fase de obriga recoñecida e pagamento ordenado) (anexo 2)
- o As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación (anexo 2)

- Do informe da Intervención municipal, de data 28 de novembro de 2012, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Segundo trimestre 2012.

- Do informe da Intervención municipal, de data 28 de novembro de 2012, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Terceiro trimestre 2012.

**8º Moción de fiscalización e control do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia á execución de obras de reforma e mellora no colexio de educación infantil e primaria “Emilio González López” de Brexo-Lema, presentada ao abeiro do previsto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 125 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 15819 o día 22 de novembro de 2012, consta do seguinte teor literal:

“O colexio de educación infantil e primaria ‘Emilio González López’ de Brexo Lema foi creado e establecido como colexio público de educación xeral básica ao abeiro do Decreto 398/1986, do 30 de outubro e, de acordo co desenvolvemento da LOXSE e as súas especiais características, transformouse en colexio de educación infantil e primaria, adaptándose posteriormente á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ao longo dos seus máis de vinte e cinco anos de existencia as súas instalacións e dependencias non teñen, apenas, sufrido modificacións a non ser os continuados

arranxos e mantementos que vén realizando o concello ante as demandas da comunidade educativa (pais, nais e profesores).

Neste estado de cousas, o certo é que as instalacións do centro necesitan seren sometidas a unha serie de arranxos e melloras para cumprir axeitadamente o fin ao que están dedicadas e garantir a seguridade dos alumnos.

Como dicíamos, ao longo da vida do centro foron os nosos servizos municipais os que, case en exclusiva, viñeron mostrando preocupación por arranxar as deficiencias e avarías que ocasionan o uso das instalacións educativas.

Tendo en conta que ao concello corresponden os labores de mantemento do centro (limpeza, pequenas reparacións, etc.) a día de hoxe é preciso acometer unha serie de reformas e obras que van mais alá das obrigas municipais, sendo, en todo caso, o seu financiamento e execución competencia dos servizos técnicos da Consellería de Educación.

Neste senso a comunidade educativa do centro ven demandando reiteradamente á Consellería de Educación a urxente execución dunha serie de obras maiores de carácter estrutural: renovación integral da rede de auga potable, renovación integral da instalación eléctrica, pintado de distintas dependencias.

Así mesmo demándase a restauración do mural de Alejandro G. Pascual e a dotación de persoal de servizos (carencia de conserxe).

Ata agora, e a pesares da reiteración anual das demandas por parte de pais e docentes, a Xunta de Galicia dá a calada por resposta, non atendendo as súas responsabilidades e propiciando unha deterioración cada vez maior das instalacións do colexio, co conseguinte perigo para os rapaces.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre, por tratarse dun tema de incuestionable interese municipal, presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Primeiro: Demandar do alcalde de Cambre que se dirixa ao conselleiro de Educación co fin de que lle demande o cumprimento das súas obrigas en canto a procurar solución ás necesidades do CEIP ‘Emilio González López’ de Brexo Lema, no que se refire á execución das obras maiores anteriormente relacionadas.

Segundo: Que por parte do alcalde de Cambre se dea conta a este grupo das xestións realizadas neste sentido, así como do seu resultado.”

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que están totalmente de acordo con esta moción, é máis, o que lle están pedindo ao Sr. alcalde xa está feito. Eles entraron a gobernar en xuño do 2011, e en decembro do 2011

xa se lle presentaron por escrito á consellería todas as demandas que o grupo socialista fai agora na súa moción, e non só do colexio de Brexo-Lema, tamén do colexio de Sigrás, que está exactamente nas mesmas condicións, do colexio do Temple, etc., é dicir, de todos os colexios de Cambre que nestes intres necesitan reparacións por parte da consellería. En febreiro de 2012 volveu enviarlles un escrito con esas demandas, aínda así, de momento non obtiveron ningunha contestación. En canto saiban quen entra de conselleiro de Educación, dirixíranse a el para volver a pedir esas peticións.

Non obstante, quere lembrarlles que estas demandas veñen do ano 2001, non son de agora, son un tema de corrosión que vén dende o 2001, ano no que o partido socialista de Cambre estaba gobernando con maioría absoluta, logo estivo o seu partido na Xunta, e ao final foi un abandono por parte de todos, e falta de investimentos por parte de todos, é dicir, non é que agora a Xunta non os queira escoitar, é que antes nin sequera había demandas por escrito do Concello de Cambre á Xunta de Galicia, agora, dende que eles chegaron xa hai dúas, e pódelles garantir que en canto ela saiba quen é o conselleiro de Educación, haberá unha terceira.

Conclúe dicindo que agarda que nalgún momento fagan o investimento que teñen que facer en Cambre, que é o máis correcto, pero non só para Brexo-Lema, para O Temple, Sigrás e todos os colexios que agora mesmo teñen algunha carencia dese tipo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, agradece que lles digan que non é soamente ese colexio senón que hai outros que tamén están en malas condicións, como o do Temple ou o de Sigrás, en todo caso, parécelle que iso non é solución de nada, xa que o problema está aí e ao que están asistindo é a un desentendemento por parte da Xunta de Galicia, da Consellería de Educación, das reparacións necesarias que veñen demandando.

Dixo a concelleira que este problema vén do ano 2001, ben, no ano 2001 na Xunta de Galicia non gobernaban os socialistas, pero tampouco é esa a solución, porque non se trata de botarse as pedras os uns aos outros senón que hai unha necesidade e hai que poñer todo o que estea nas súas mans para solucionalo, non soamente enviando un escrito, que por riba parece ser que non tiveron nin a cortesía de contestar, pregunta se é así.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que o que non houbo foi solución.

Don Augusto Rey Moreno pídelles perdón porque el entendeu que dixera que non houbo contestación ao escrito. Pregunta se veu alguén polo concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a contestación ao escrito foi que veu visitar todos os colexios o xefe territorial da Xunta, para ver as necesidades que tiñan, esa foi a contestación, que é o máis práctico en lugar de mandar outro escrito.

Don Augusto Rey Moreno pregunta cando foi iso.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que foi tras enviar o segundo escrito. Cando ela lles remitiu o escrito en febreiro de 2012, o xefe territorial fixo unha visita e ela foi a ensinarlle todos os colexios e carencias que tiñan, algunhas as atendeu, porque agora mesmo estase facendo un arranxo de electricidade no colexio Portofaro, pero sobre cambiar as tubaxes o que lle dixeron é que non se trata de que non os queiran atender, senón que agora mesmo, economicamente, non poden facelo todo xunto.

Conclúe dicindo que ela vai tratar de seguir loitando para que o vaian facendo, aínda que sexa pouco a pouco, e repite que a súa intención é seguir loitando por ese tema.

Don Augusto Rey Moreno recoñécelle o seu labor, pero di que, de todos os xeitos, quizais haxa que tomar algunha medida un pouco máis esixente con respecto á Consellería de Educación. Di que están falando da integridade e saúde, nalgúns casos, dos nenos, e que non é un tema insignificante, en concreto saben, porque llelo comunicaron, que a auga vén con depósitos de ferruxe, de ferro, e que é a auga que beben os nenos, iso é o que lles comunicaron dende o centro educativo, que os nenos van á billa, abren, beben e punto, que é algo que todos fixeron cando eran cativos.

Segue dicindo que o único é, entre todos, ver se poden esixir, neste caso á administración autonómica da Xunta de Galicia e ao novo conselleiro, que se poña mans á obra e resolva os problemas, incluíndo o que mencionou a Sra. concelleira dos colexios de Sigrás e O Temple, conseguir que tamén os vaian reparando.

Conclúe dicindo que pola súa parte nada máis, que agarda que a moción teña aceptación por parte do equipo de goberno, e do Sr. alcalde en concreto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle que non dubide de que o farán, como o fixeron ata o de agora.

## **9º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15895 o día 24 de novembro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Altamira a situación de inseguridade que sufren os nenos que veñen a usar o parque infantil situado xunto da igrexa. Como se sabe, este atópase situado nas proximidades da estrada N-550, a escasos metros da súa calzada e sen valado de ningún tipo que os separe. Esta situación produce, ademais dos riscos previsibles para os rapaces, a inquedaanza dos seus pais e acompañantes que teñen que manter unha constante vixilancia, co fin de evitar que os nenos se acheguen á estrada e poidan resultar atropelados.

Por todo o anterior, solicitamos se tomen as medidas oportunas para conseguir a seguridade do parque infantil, instalando, dun xeito inmediato, un valado que separe adecuadamente os espazos dedicados a xogos e a zona axardinada anexa, da calzada da estrada N-550.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que el entende que ás veces haxa veciños que lles piden cousas e que eles as leven ao pleno, porque todos intentan cumprir o mellor que poden, el iso enténdeo, pero explica que ese parque de Altamira está a unha distancia da estrada de entre cincuenta e sesenta metros. A normativa pon que todos os parques que estean a menos de trinta metros dunha estrada ou zona rodada, teñen que ser valados, e ese parque está practicamente ao dobre. Di que, ademais, non é nin sequera o fondo do terreo, está máis ou menos no medio, e hai outro tanto para atrás do parque á estrada, que é onde están as mesas, as barbacoas, etc. El entende que aí é onde deberan xogar os nenos, é o lóxico.

Agora estanlle a pedir que poña un valado inmediato separando iso da zona verde da estrada, cando despois aínda hai unha pista pequena, non unha pista polideportiva, pero, por dicilo dalgún xeito, unha minipista polideportiva, entre o parque e a estrada. Despois pediránlles que valen tamén a minipista, e máis adiante, cando fagan as festas que se fan alí todos os anos, monten unha carpa e leven unha orquestra, entón pediránlles que quiten todo porque lles estorba para colocar as cousas.

Continúa dicindo que el non cre que haxa que colocar ese tipo de cuestións onde non son necesarias, e insiste en que el cre que alí non é necesario poñer un valado, e calquera que o vexa in situ dirá o mesmo, porque incluso hai asentos onde están as grelladas, e tamén os hai na beira da estrada, e os pais poden sentarse alí e controlar que os rapaces non vaian cara á estrada, porque aos nenos quédalles extensión para abaixo canta queiran para xogar. Non se trata de poñer cousas para logo ter que quitálas, haberá que explicarlles aos pais que tamén teñen que coidar un pouquiño dos nenos, porque neste caso hai entre cincuenta e sesenta metros de distancia, cando a normativa só esixe que se poña valado a menos de trinta, por iso el pensa que teñen espazo para correr alí, e que é rizar o rizo.

Segue dicindo que el sabe que, se poñen o valado, logo van ter que quitalo no verán e logo volver a poñelo, e tal e como está agora o poden utilizar todos, non ten ningún perigo porque hai unha separación moi grande e ningún neno dos que vai ao parque infantil, se lle dá unha patada a unha pelota, chega á estrada con ela, por moita forza que teña ese rapaz.

Conclúe dicindo que se fixeran caso diso sería tremendo, e pon como exemplo, por dicir algo de Altamira, que antonte lle pediron que lles cambiase a fonte. Unha fonte de pedra que se puxo hai pouco, agora hai veciños que a queren cambiar. A el gústalle cumprir cos veciños, pero esas cousas pensa que non deben facelas.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, di que ela pensa que os nenos son nenos, ás veces nin os adultos saben o que fan, así que menos os nenos, e detrás dunha pelota xa sabe todo o mundo o que fan.

Segue dicindo que hai moitas formas de facer un valado, e os cartos pódense gastar de moitos xeitos, poden investir máis ou menos, non hai por que facer un valado próximo á estrada, pódese valar próximo ao parque. Pensa que se pode mirar a forma de facelo e ver se é posible, porque xa saben como son os nenos.

Conclúe dicindo que ela cre que se podería intentar facer algo, de xeito que a zona quede un pouco máis protexida.

Don Manuel Marante Gómez expón que el non ten ningún problema, e dilles que mañá ou a semana que vén, cando queiran, el achégase con eles ao lugar, que chamen á persoa que lles solicitou iso e achéganse ao lugar, ven o que hai, e deciden que facer, e se queren tamén os pechan, fanlles un pechado alí ao redor dos xogos e poñenlles un cadeado para que os nenos non poidan escapar.

Conclúe dicindo que el vai con eles e coa persoa que o solicitou a ver o lugar para aclarar as cousas, el cre que non ten ningunha lóxica, pero que o ven cando queiran.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que é un pechado para os nenos, non para as bestas no que haxa que meter un cadeado.

Don Manuel Marante Gómez responde que precisamente os nenos saber abrir os ferrollos, hailles que por cerraduras porque se non marchan.

Don Augusto Rey Moreno di que lle poden por un cadeado con combinación, como nas caixas fortes.

Responde don Manuel Marante Gómez que poderían. Seguidamente explica que é unha broma, pero que hai que entender que hai un espazo grande cara o interior, e por iso lle parece que a petición non ten xeito. Reitera que o ven alí sen problema ningún, coas persoas que o solicitaron para aclarar as cousas diante deles. Remata dicindo que se deciden facelo pois que se fai, que tampouco pasa nada.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro expón que está de acordo e di que lle toma a palabra, e polo tanto veranse alí.

2º Os xogos biosaudables instalados á beira do Paseo Marítimo veñen sendo utilizados masivamente pola xente maior da zona para a realización de exercicios físicos. O certo é que o seu éxito demóstrase polo masivo uso que se fai deles, chegándose a dar o caso de que os beneficiarios teñan que facer quenda para utilízalos. Recollendo as demandas de veciños do Graxal é polo que este grupo solicita, se instale un novo parque con xogos

biosaludables no espazo verde baleiro sito na rúa Álvaro Cunqueiro a carón do lateral do CEIP do Graxal.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que quere puntualizar que o interese do goberno por este tipo de instalacións quedou reflectido grazas á proposta que se realizou en conxunto entre Servizos Sociais e Deportes, para potenciar esas instalacións, porque non soamente hai que facelas senón que tamén hai que utilizalas e ensinar á xente a utilizalas, cousa que non se fixo nunca neste concello.

Di que o departamento de Deportes, que é o encargado de xestionar eses parques, tamén se puxo en contacto con algún dos usuarios, e si é certo que teñen unha demanda moi alta, máxime cando para o programa deste verán de 2012 tiveron que ampliar o horario porque a demanda era moi alta, pero tamén é certo que nas horas nas que non hai eses cursos, aínda tendo unha demanda elevada, non roza a saturación da que se fala no rogo. Polo tanto, di que eles, nestes momentos, si van contemplar ampliar eses horarios de cursos, para que a xente os saiba utilizar, pero non contemplan a posibilidade de instalar outro parque máis.

3º Denuncian veciños de Pravio o exceso de velocidade que se produce na recta de Fabás da estrada AC-214, diariamente e por parte de numerosos vehículos. Estes casos de condución temeraria reitéranse ao longo dos días e, especialmente en horarios nocturnos e de fin de semana, producindo situacións de verdadeira inseguridade viaria para os peóns.

Por todo o anterior solicitamos que se dean as ordes oportunas á Policía Local para que, ben por si mesma ou demandando a colaboración da Garda Civil de Tráfico, se realicen controis periódicos de velocidade na citada estrada.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que teñen razón en facerlle o rogo, pero que esas ordes á Policía Local en colaboración coa Garda Civil xa están dadas dende hai tempo, tanto é así que as multas nese treito aumentaron considerablemente. A vixilancia está posta dende posiblemente hai máis de dous meses, polo que non entende como a demanda a fan agora porque el, incluso tivo algúns veciños que viñeron pola porta solicitándolle que lles sacara as multas, e claro, el ante iso non ten nada que dicir, porque como comprenderán, as multas non as pon o Sr. alcalde, e a infracción a comete o infractor. En todo caso, acepta o rogo, aínda que reitera que xa está funcionando dende hai polo menos dous meses.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que a finalidade do rogo, como poderá comprender o Sr. alcalde, é atender á demanda que lle formulan os veciños, en tempo e forma, cando corresponde, neste caso é neste mes. En todo caso, o que si lle pide é que intensifique os ditos controis, porque os excesos de velocidade seguen producíndose, é máis, pídelles, aínda que non o incluíu no rogo, que se poña en contacto



coa administración competente nesa vía para poder ver a posibilidade de mellorar esa situación de condución a velocidade empregando medidas disuasorias.

O Sr. alcalde responde que o treito está limitado a setenta no comezo, na Castellana. Na recta de Pravio, segundo cre lembrar, está limitada a cincuenta, e a corenta en Pravio mesmo, onde está o cruceiro. Di que el vén e vai todos os días por esa estrada, e ve onde está a Policía Nacional, onde a Garda Civil e onde está a Policía Local. Ese tramo está controladísimo, e cre que se intensifican ese control pode chegar un momento en que incluso os veciños lle digan catro cousas, porque está moi controlado, e de verdade non o entende, porque xa non sabe que máis medidas disuasorias pode poñer, porque os límites de velocidade xa están postos.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, expón que el vive en fronte xusto de onde se poñen os de Tráfico e mais os municipais, e pódelles asegurar que están con moita frecuencia, pero co coche camuflado, por iso moitos non os ven, pero estar están, e cando el sae do portal que está en fronte, ben ve ao garda metido no coche.

### **Rogos de EU presentadas por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 15930 o día 26 de novembro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Ante os problemas derivados pola falta de espazos para aparcamento na capital municipal. Pregamos nos informe se existe algunha negociación ou acordo para habilitar zonas de estacionamento público en terreos de propiedade privada no centro de Cambre.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que hai meses comezaron unhas conversacións cos propietarios dos terreos que se atopan na parte de atrás dos edificios que van dende a lotería ata onde estaba a antiga farmacia e ata a parcela que está baleira. Todos os propietarios se manifestaron positivamente, e dixeron que están dispostos a que se poida establecer unha colaboración para a cesión dese solo para posible uso como aparcadoiro. Polo tanto, a día de hoxe, explica que están solicitando toda a información necesaria para poder chegar a asinar uns acordos para ese uso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta en que termos se van facer eses acordos, e se hai algunha contraprestación, algún tipo de aluguer ou outra cousa.

Dona Rocío Vila Díaz di que aínda están desenvolvendo o tema, pero que se quere, cando teña máis información ou cando teña un borrador, pode pasarllelo e así poden miralo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que sería interesante coñecer iso e que el tamén ten algún coñecemento diso e parece ser que van ceder máis ou menos pola metade de Pernas, se non se equivoca.

Don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que ao lado da churrería Morás

Dona Rocío Vila Díaz di que están falando do edificio que queda illado entre dúas parcelas, o edificio que queda ao carón de Morás, cara a dereita. Di que falou co propietario dese inmovible, que ademais tamén ten un terreo cara atrás.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que imaxina que haberá que eliminar o valado que hai alí, porque se non vai ser difícil acceder, hai un panel publicitario, uns piares que sosteñen o valo, e despois, supón que haberá os correspondentes informes técnicos, porque teñen que pensar o perigo que pode supoñer iso, porque é cruzar continuamente unha beirarrúa para entrar e saír.

Dona Rocío Vila Díaz, explica que eles comezaron por saber se por parte dos propietarios estarían de acordo en manter conversacións, ese foi o primeiro paso, e todos eles amosaron a súa receptividade a falar e a deixar ese solo. Agora son os técnicos os que están mirando o que faría falta, en que situación se atopan as traseiras, porque hai moitas edificacións que teñen patio cara atrás, que está pechado, esas son as cousas que están vendo para ver como desenvolver o aparcadoiro, por iso lles dixo antes que cando teña os informes dos técnicos poderán velos.

2º O vertido aos desaugadoiros de graxas e aceites constitúe un serio problema, dificultando enormemente a depuración das augas residuais, alterando o equilibrio natural e destruindo a vida acuática.

Para o grupo municipal de EU, existen fundadas razóns para reciclar o aceite de uso doméstico:

- 1- Facilita a xestión deste tipo de residuos, que doutro modo non se reciclan
- 2- Asegúrase a reciclaxe das botellas de plástico que acompañan ao aceite usado
- 3- A diminución deste tipo de vertidos contribúe a un mantemento mellor da rede de saneamento do concello
- 4- Facilitáanse e abarátanse os procesos de depuración das augas residuais ao diminuír a carga contaminante de aceites e graxas
- 5- Contribúese á protección e mellora de espazos naturais como son o litoral mariño, as praias, as ribeiras e os ríos que transcorren polo concello
- 6- Por cada litro de aceite tratado obtense case un litro de biodiesel

O grupo municipal de EU xa ten presentado unha iniciativa sobre a importancia da recollida e reciclaxe de aceites domésticos co fin de que os veciños teñan o dereito a dispoñer dun servizo para ser selectivos; tendo en conta que existe unha disposición da

comunidade autónoma respecto de que os concellos de máis de 5000 habitantes teñen que facer este tipo de separacións.

Por todo isto presentamos o seguinte rogo:

Que o Sr. alcalde nos informe das xestións realizadas sobre o tema formulado no Consorcio das Mariñas.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do Urbanismo e Medio Ambiente, informa que no pleno do Consorcio das Mariñas do mes pasado, aprobouse a implantación do servizo de recollida de aceites vexetais de orixe domiciliario no territorio do Consorcio das Mariñas.

Dende o Consorcio van remitir unha circular ao concello, onde se comunicará que se van enviar dez unidades de colectores de recollida de aceites e na que se solicitará que dende o concello indiquen a posible colocación desas dez unidades. Polo que puideron falar co Consorcio, esas dez unidades poderíanse aumentar se ven que a xente responde á súa implantación, neste caso poderían buscar novas localizacións para novas unidades, pero en principio partirán da base de dez unidades que dende o concello indicarán onde se poden colocar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que na páxina web do Consorcio das Mariñas está publicado, dende hai días, un acordo que ten cunha empresa, co fin de facilitar os contedores ás comunidades e concellos que os pidan, e non sabe se Cambre os pediu. El sabe dos contedores que están instalados nalgúns concellos preto de Cambre, e incluso nalgúns deles facilitan unha especie de funil para que a xente trasfegue o aceite. Di que el fixo esta pregunta porque un rogo neste sentido xa o fixo no mes de marzo, e o Sr. alcalde comprometeuse a facilitarlles un informe do Consorcio das Mariñas. Á vista de que non se lles contestou nada, por iso insiste no tema, que considera de grande importancia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que se o rogo foi formulado en marzo e el non lles contestou nada, pídelle disculpas publicamente, porque a verdade é que este é un tema no que se vén traballando no Consorcio das Mariñas dende hai tempo. Aprobouse no pleno de outubro por todos os alcaldes de todos os concellos do Consorcio. Efectivamente, todos eses contedores, incluso os funís, vainos facilitar o Consorcio das Mariñas, e o que lle van pedir agora ao concello é que sinale o lugar onde teñen que colocar eses contedores para depositar o aceite, que vai ser en botellas. Cando teñan a circular pasaránlles a todos, porque cre que todos terán que participar, para concretar onde cren os veciños que é o lugar adecuado para colocalos. Conclúe reiterando que se vai comezar con dez contedores, pero que será ampliable no sucesivo en función da demanda.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que ao mellor este tipo de cuestións non faría falta traelas a pleno se realmente o resto de grupos estiveran informados dos acordos do

Consortio das Mariñas. El cre que este é un acordo importante, e se o goberno municipal lles informase, como representantes do Concello de Cambre, dalgunhas das cuestións que se tratan no Consorcio, algunhas máis importantes que outras, ao mellor evitábanse este tipo de iniciativas.

O Sr. alcalde respóndelle ao voceiro de EU que ten razón, e xa lle pediu desculpas públicas por iso, pero tamén lle di que se ven con frecuencia, e o Sr. Taibo podería terlle preguntado ou lembrado que se esquecera de informarles do Consorcio das Mariñas, e inmediatamente el lle tería dado esa información. Conclúe dicindo que xa sabe que é un compromiso que ten, pero di que un non pode estar en todo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que a vida política se desenvolve onde están agora, nese ámbito, e as preguntas fanse aí.

O Sr. alcalde contesta que xa o sabe, pero que o Sr. Taibo dixo que isto non tería por que ter que vir a pleno, e por iso lle dixo que llo pregunte na rúa, que el lle dá a información, e así xa non ten que vir a pleno. En todo caso, lémbrale que xa lle pediu desculpas, que foi o primeiro que fixo.

### **Rogo de EU presentado oralmente**

1º Pregamos nos informen se o concello, os responsables municipais, fixeron algún tipo de xestión cos propietarios do terreo dos Molina, os terreos que dan detrás do concello, para limpala e acondicionala, porque é unha vergoña que no mesmo centro de Cambre, a carón do concello, haxa un terreo do que están saíndo constantemente ratas, dando unha imaxe que non é a máis favorable para o concello e para Cambre, por iso preguntan se teñen feito algunha xestión.

O Sr. alcalde contesta que esa xestión non soamente xa a fixeron os servizos municipais, senón que a fixo tamén el mesmo, vai pola cuarta vez. Explica que se trata dunha infracción urbanística que se arrastra dende hai moitísimos anos, e parece como se a familia Caruncho Molina pasara do Concello de Cambre. Pero el asegúralles unha cousa, que desta vez non vai pasar, porque en canto se cumpran os prazos determinados, van entrar coas máquinas no terreo, van limpalo e despois vailles pasar a factura, e dille ao Sr. Taibo Casás que non o dubide.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que lle parece que hai que ser igual de contundentes coas familias que teñen as silveiras sen cortar como nestes outros casos. Pero ocórreselle agora que ao mellor nestes casos habería que intentar outro tipo de negociacións, porque aínda que é un anaco pequeno, nese terreo poden caber vinte coches, e ao mellor falando con esa familia e preguntándolles se lles cederían ese anaco para aparcadoiro dos vehículos da policía local, por exemplo, comprometéndose o concello a limpala, porque o custo non debe ser moito, ao mellor así gañaban un espazo público para facer un aparcadoiro, cousa da que Cambre está moi carente.

O Sr. alcalde sinala que esa é a cuarta, fixo as tres primeiras cos servizos municipais, mediante cartas, advertencias e ameazas de sanción, a cuarta vai por ese camiño, a ver se pola porta de atrás pode logralo, pero esa xestión, esa negociación é a que precisamente está facendo agora, para poder utilizar o terreo para aparcadoiro a cambio de mantelo limpo. É máis, díxolles que o ano pasado quedaron sen fogos artificiais por mor deles, chegou incluso a dicirlles iso, pero é verdade, porque está a menos de 400 metros de onde se tiran os fogos artificiais.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se alegra de ter coincidido nesa proposta.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15895 o día 24 de novembro de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª Segundo información recibida por este grupo municipal a Consellería de Sanidade ten prevista unha redución do 23% da superficie comprometida, nun primeiro momento, para o novo centro de saúde do Temple, e así tamén a eliminación de seis consultas con respecto ao inicialmente proxectado. Toda vez que, a pesar da promesa feita ao goberno municipal, non lle consta a este grupo que a Xunta de Galicia teña facilitado o proxecto construtivo e de servizos do citado centro, é polo que preguntamos:

Que información ten o goberno municipal sobre as dimensións, número de consultas e especialidades que vai ter o futuro centro de saúde do Temple?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que a información que teñen respecto dese tema é que as dimensións pasarían dos 294m<sup>2</sup> actuais a un total de 2044m<sup>2</sup>, dos cales 1827m<sup>2</sup> serían útiles, case seis veces máis do que hai agora. Tería unha área de adultos con seis consultas de medicina de familia, actualmente hai dúas, catro consultas de enfermería, actualmente hai unha, e unha sala de espera común. Na área de pediatría habería dúas consultas de pediatría, actualmente hai unha, unha consulta de enfermería pediátrica, e unha sala de espera de pediatría. Nas áreas clínicas comúns habería unha sala de toma de mostras, unha sala polivalente, diagnósticos, tratamentos de urxencias, unha sala de técnicas e un despacho de coordinación. Na unidade de fisioterapia sería unha consulta de fisioterapeuta, unha sala de fisioterapeuta, catro cabinas de tratamento, e unha zona de vestiarios. En canto ás salas comúns, serían unha sala administrativa para catro postos de traballo, actualmente había tres, o arquivo para vinte mil historias clínicas, unha sala de xuntas-biblioteca, unha sala de estar de persoal, un almacén, un oficio sucio e un oficio limpo.

Conclúe dicindo que o proxecto ten prioridade un, que se fará en breve, e de momento esa é a información que teñen.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, di que, no mes de marzo, o Sr. alcalde trasladoulles que a Xunta remitiría a finais dese mesmo mes o proxecto do centro de saúde, pregunta se o teñen recibido.

O Sr. alcalde contesta que non o recibiron, porque ese proxecto licitouse no mes de setembro, se non se equivoca. Explica que teñen o anteprojecto, pero non o proxecto porque foi licitado no mes de setembro.

Dona Margarita Iglesias Pais di que entón, posiblemente a promesa que garantía que a finais de ano ían comezar as obras, poden dala por perdida.

O Sr. alcalde dille que a promesa de que este ano se ían licitar as obras non sabe se a fixo a Xunta, pero que el non a fixo.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que a fixo o Sr. alcalde, e que en *La Opinión* do 4 de marzo do 2012, se recolle que o alcalde informou ao Pleno da Corporación de que antes de que comece o 2013 estarían en marcha as obras do novo centro de saúde.

O alcalde manifesta que o 2013 non comezou, e que el non sabe se para esa data estarán xa coas obras ou non, pero que vale, que igual van cun pouco de atraso, pero é como preguntar agora se o día cinco de xullo do ano 2017 vai ter rematado a crise. Di que se equivocou, que igual comezan as obras dentro dun par de meses, pero que, en todo caso, o que lle di agora é a realidade, deixando a un lado os sarcasmos, a realidade é que o proxecto tería que terse licitado antes, pero licitouno a Xunta no mes de setembro, e mentres non o acaben non poden telo. Están agardando a que a Xunta o mande e tamén a que nomeen á nova conselleira de Sanidade para falar con ela, xa pediron unha cita.

Dona Margarita Iglesias Pais di que soamente unha cousa, que teñen que ter en conta que levan esperando por este centro de saúde dende o ano 2008, que foi cando se asinou en convenio coa Xunta, ter en conta que a parcela leva cedida dende o ano 2010, e ter en conta que o propio alcalde a comezos de ano comprometeu, e a propia conselleira ratificou, que a finais de ano estarían comezadas as obras, non o proxecto.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille á Sra. concelleira que o perdoe, pero que ela fixo unha pregunta, están no capítulo de preguntas, e eles contestaron, agora ela está con outro debate.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que ela está contestando ao que dixo o Sr. alcalde.

O alcalde dille que non llo vai permitir, el fixo unha aclaración, e non lle vai permitir o debate na quenda de preguntas.

Dona Margarita Iglesias Pais di que ela non vai debater, simplemente di que, tendo en conta que tanto a Consellería como a Alcaldía se comprometeron a que a finais de ano ían comezar as obras, e agora resulta que do que están falando é simplemente de que se

contratou a trinta de setembro, durante a campaña electoral, a redacción do proxecto do Temple, o sarcasmo que acaba de utilizar o Sr. alcalde respecto da pregunta, parécelle que sobra, nada máis.

O Sr. alcalde dille á Sra. concelleira que agora si vai ser sarcástico, xa que ela o provocou, e pídlle que lle perdoe que se queime neste tema, pero que a parcela que cedeu o concello á Xunta cando o partido socialista gobernaba non era nin sequera soar. Pregúntalle se ela coñece a diferenza entre unha parcela e un soar, porque volve dicirlle que nin sequera era soar, polo tanto, o que o goberno socialista cedeu á Xunta non serviu de nada, porque houbo que facer todos os trámites de novo, e de aí veñen moitos dos atrasos, igual que noutras infraestruturas que tiveron que arranxar, e así remata co sarcasmo, e se acabou coa pregunta pide que pasen á número dous.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, pide que haxa paz, e pasa a dar lectura á seguinte pregunta presentada polo seu grupo.

2ª A Deputación ven de declarar á estrada AC-1706, no seu tramo de Cambre ao Temple, como “vía prioritaria para bicicletas”. Esta declaración veu acompañada coa instalación de varios sinais indicativos. Diante destes feitos o noso grupo pregunta:

Cal é a opinión do goberno municipal sobre esta declaración e as consecuencias que para ciclistas e condutores de vehículos a motor vai ter?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que, efectivamente, a Deputación instalou no último mes uns sinais, non soamente no Concello de Cambre, senón tamén noutras estradas que pertencen á Deputación, unha sinalización que as cualifica como vía prioritaria para ciclistas, tal e como se reflicte na prensa do cinco de outubro, tanto en *El Ideal Gallego* como en *La Voz de Galicia*.

Explica que se trata dunha cualificación a título informativo, e ao que obriga o feito de que se trate dunha vía prioritaria para ciclistas é a respectar o metro e medio de distancia co ciclista, a respectar os límites de velocidade, e a respectar os sinais da vía, cousa que xa hai que facer per se en todas as vías. O feito de que teña o sinal de prioritaria para ciclistas simplemente imprime algo de carácter ao condutor á hora de manter os sentidos alerta, porque sabe que ten un tráfico máis acusado de ciclistas que noutras vías.

Don Augusto Rey Moreno expón que o que é certo é que os condutores de vehículos van obviar esa declaración, como se fai frecuentemente con ese tipo de distancias a ciclistas, non obstante, aos ciclistas dálles aparentemente unha seguridade que non se corresponde coa realidade, polo tanto, el cre que sería mellor non poñer ningún tipo de sinalización en canto á priorización da circulación para ciclistas. Di que é un tema a estudar e pide, aínda que é fóra desta pregunta, que sexa a policía local a que poida vixiar, porque cre que vai dar máis problemas que vantaxes a condutores ou ciclistas.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que poden estar de acordo ou non, non vai entrar a valoralo, pero o que si valora é que é unha iniciativa que non parte da propia Deputación, parte dun club ciclista da Coruña, polo tanto, di que pode estar de acordo con don Augusto Rey Moreno, non o vai discutir, nin é o tema a tratar, pero o feito de que sexa unha medida ou proposta que parte dunha asociación ciclista, para el, aínda que persoalmente poida estar de acordo con voceiro do PSdeG-PSOE, dálle máis seguridade, e entende que son os propios ciclistas os que están de acordo con esa medida. É unha iniciativa que sae dos propios ciclistas, pois os condutores xa teñen que estar cos cinco sentidos postos na estrada, e se hai alguén con exceso de velocidade que incumpra as normas na estrada, terá que ser castigado.

3ª Cambre pode presumir de ser un dos concellos máis solidarios da comarca. Lamentablemente, toda esa marea de solidariedade dos nosos veciños e veciñas, tan necesaria no momento presente, contrasta coa falta de sensibilidade social do goberno municipal, incapaz de responder a moitas das iniciativas que se lle presentan. Neste contexto, no que merece todo quen está disposto a dalo todo, o noso grupo pregunta:

Por que o goberno municipal non se ten sumado, apoiando, coordinando e impulsando determinadas iniciativas promovidas por parte de veciños, entidades ou colectivos do noso concello?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, manifesta que supón que a pregunta será para ela, porque fala de algo social. Expón que ela pode estar de acordo co partido socialista en que o pobo de Cambre é moi solidario, niso está totalmente de acordo, e todo o que poidan dicir vaise quedar curto. Non obstante, polo menos por parte da súa concellería e pola súa propia parte, falar de falta de sensibilidade social e falta de apoio á unha iniciativa veciñal ou particular de calquera persoa de Cambre, iso non sabe a que se refire, porque ninguén se dirixiu a ela para presentarlle ningún tipo de iniciativa que ela non teña apoiado dun xeito ou doutro, nin unha soa.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que non dubida de que quen se dirixise a ela atopase resposta, pero a información que eles manexan é que aos Servizos Sociais municipais téñense dirixido, e vaille poñer un exemplo, un empresario de Cambre vinculado ao ámbito educativo, que puxo á súa disposición cinco prazas para nenos con dificultades de aprendizaxe, de familias con dificultades económicas, para pagar ese reforzo escolar, e non tivo ningunha resposta por parte do departamento de Servizos Sociais, e reitera que el non dubida da sensibilidade da Sra. concelleira.

Dona Mª Jesús González Roel dille que ela non sabe con quen falou.

Don Jesús Bao Bouzas dille que iso é aínda máis preocupante, que ela non saiba que no seu departamento non se están tramitando ese tipo de cousas.



Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que, ao mellor, esa persoa, se estaba tan interesada por ese tema, debería terse preocupado de dirixirse a ela persoalmente.

Don Jesús Bao Bouzas di que o goberno municipal ten infraestruturas administrativas para atender esas cousas, e el pensa que a Sra. concelleira non ten, necesariamente, porque ocuparse de temas menores que poden atender os técnicos, que para iso están.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que non é un tema menor, que lle parece unha iniciativa moi boa e por suposto que a tería valorado. Di que ela está a disposición de calquera veciño.

Don Jesús Bao Bouzas reitera que se dirixiron ao seu departamento neses termos, iso é o que lle pode dicir, é máis, en parte como consecuencia desa falta de resposta, que non é outra cousa, a concelleira saberá que tamén hai outra iniciativa en Cambre, de recollida de alimentos e roupa, que vai ter como destinataria unha parroquia da cidade da Coruña. Non di que na Coruña non faga falta ese tipo de apoio, pero Cambre non é unha excepción nestes momentos de crise.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que ela non entende a que se refire o concelleiro socialista, porque no concello estase facendo unha recollida de alimentos, a operación quilo, que están facendo os voluntarios de Cambre en colaboración con Servizos Sociais, dunha recollida de roupa ela non ten coñecemento no seu departamento de que se estea recollendo, e sobre que se recolla alimento para A Coruña, tampouco sabe de que lle está falando.

Don Jesús Bao Bouzas di que non está falando de iniciativas que o concello puxera en marcha, senón dalgunhas que se puxeron en marcha e das que parece, lamentablemente, que o concello non ten coñecemento.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que comprenderán que se alguén pon en marcha unha iniciativa particular para recoller alimentos para A Coruña, se non se dirixen a ela, ela non é quen para dicirlles que non os entreguen na Coruña, que os entreguen en Cambre.

Don Jesús Bao Bouzas dille que si se dirixiron a eles.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que iso non é certo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar se se dirixiron por escrito ou de palabra.

Don Jesús Bao Bouzas di que descoñece a canle.

O Sr. alcalde pídelle ao Sr. concelleiro que lle perdoe, pero que facer esa aseveración de que o concello non ten sensibilidade nun pleno público, intentando deixar en ridículo ao goberno municipal, cando non saben quen é a persoa, nin que institución é a que se

dirixe á Concellería de Benestar Social, iso parécelle moi grave. Expón que dende o goberno municipal axudouse a moita xente, e di que teñen bastante sensibilidade como para axudar a todo o mundo que se ten dirixido ao concello, e tamén para dirixirse a outras institucións, e iso que está aseverando don Jesús Bao Bouzas sobre esa persoa que ofreceu cinco prazas para nenos discapacitados ...

Don Jesús Bao Bouzas di que non falou de nenos discapacitados, senón con problemas, por exemplo de aprendizaxe.

O Sr. alcalde di que lle entendeu mal, pero que é igual, que esa persoa que ofreceu as cinco prazas para nenos con problemas de aprendizaxe, que se dirixiu á Concellería de Benestar Social, e sobre a cal a concelleira non sabe absolutamente nada, nin hai ningún escrito, iso non o entende, e dille sinceramente que lle perdoe.

Don Jesús Bao Bouzas dille que a eles tampouco se dirixiu por escrito, pero que eles trasladan e formulan a pregunta por escrito, porque o promotor desa iniciativa así llelo expuxo.

O Sr. alcalde pídelles que lle diga quen é, e que el mañá, persoalmente, vai ver a esa persoa.

Don Jesús Bao Bouzas dille que particularmente o fará, se llo permite.

O Sr. alcalde insiste en que mañá persoalmente vai ver a esa persoa, e vólvelle pedir que lle diga quen é.

Don Jesús Bao Bouzas repite que o fará particularmente, porque esa persoa prefere manterse no anonimato.

### **Preguntas do EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15930 o día 26 de novembro de 2012, xunto cos rogos para este pleno.

1ª O grupo municipal de Esquerda Unida, e veciños das inmediacións da praza Manuel Lugo teñen denunciado as deficiencias e perigo que supón o sistema de seguridade de protección do contorno da dita praza, onde existe un desnivel de aproximadamente tres metros, que xa ten producido distintos accidentes poñendo en risco a integridade física dos nenos que frecuentan o lugar.

O pasado día 22 produciuse un accidente resultando lesionado un neno de corta idade. Este feito prodúcese con demasiada frecuencia sen que ata o de agora se teñan tomado medidas preventivas por parte do goberno para dar solución ao problema.

O noso grupo considera que resulta intolerable que, por parte da administración local e dos seus responsables, non se teñan adoptado medidas eficaces para eliminar o grave risco que supón este punto conflictivo.

Resulta especialmente denunciante o desinterese que ven amosando o grupo de goberno, sendo a seguridade da praza unha competencia municipal, e que non teñan levado a cabo en ningún intre, nin sequera un estudo serio das causas dos accidentes que se producen e das solucións que deberían ser adoptadas, nin tampouco executado medidas efectivas para solucionar o.

Por este motivo, o grupo municipal de EU presenta a seguinte pregunta:

Cales son as razóns da demora no cumprimento do compromiso adquirido polo goberno para instalar as medidas preventivas na mencionada praza, e que determinación pensan tomar en relación co problema?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que falan de que non hai interese en resolver o problema, que é intolerable, que por parte dos responsables non se toman medidas, etc., e el cre que tampouco hai que falar tanto á lixeira, é dicir, el pensa que comentaron hai non moito tempo, polo verán ou así, que nesa zona había un risco con ese valo, e cre lembrar que el mesmo contestara sobre ese tema e outros máis puntuais, sobre pequenas obras e pequenas subministracións que había que facer pola zona do Temple e que tentarían facer coas baixas do plan ARUME.

Explica que ao final co plan Arume non vai ser posible facelo, porque non hai prazo. O valo custa sobre 45.000 euros, e ten tres orzamentos do mes de setembro, porque el algo preocupouse polo tema. Reitera que ten tres orzamentos na oficina, que varían entre os 35.000 e os 43.000 euros, para poñer ese valado de acordo coa normativa vixente. En todo caso, di que ese valo leva cinco ou seis anos alí colocado, non é unha cousa de dous meses, e xa houbo antes outros gobernos que el non sabe o interese que tiveron no tema, pero el pola súa parte xa ten varios orzamentos dende o mes de setembro, e nos orzamentos do ano que vén vaise incluír unha partida para facer ese peche.

Continúa dicindo que outra cuestión diferente é se queren meterlle uns valos provisionalmente, para amarralos ao valo que hai, poderíase facer, pero non sabe se seguirían alí cando fosen ao día seguinte ou se estarían tiradas por todo o parque, porque a verdade é que ás veces, cando se pechan as cousas con moito tempo, ao final non serven para moito. Cando se instalou o valo cumpría cos requisitos técnicos para poñelo, agora, efectivamente, é perigoso, el ben o sabe, porque a altura que hai entre o tirante de aceiro e o chan é unha altura considerable, á vez que está pegado xusto ao borde onde a caída, pero é o que falan sempre, o que teñen que ver son os informes técnicos, e conclúe reiterando que no próximo orzamento vai ir unha partida para pechar toda esa zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dálle as grazas ao Sr. Marante e di que se alegra de que coincida con eles en que iso está mal, pero que o que dixo ao final de todo, de que van esperar ao próximo orzamento para arranxalo, iso é o que non lle parece ben. Expón que hai un perigo evidente que todos recoñecen, e o que hai que facer é actuar de inmediato e non esperar a que ocorra un accidente que teñan que lamentar.

Segue dicindo que o día do accidente do neno el estaba alí, e viu como quedou esa criatura, non sabe se os demais o viron ou chamaron aos pais para ver como estaba, pero el preocupouse polo rapaz e pola súa familia, pero sobre todo, tamén se preocupa porque se mellore esa praza, porque non pode estar na situación na que está.

Di que o Sr. Marante falou doutros gobernos, pero EU xa presentou a proposta no ano 2009, xa pediron o mesmo no 2009, e volveron pedilo en xuño do 2012, e o Sr. concelleiro díxolles que dera orde á brigada de obras para que actuase, pero non se fixo ningunha actuación. Volve insistir en que eles levaron a proposta xa no 2009 e no 2012 ao pleno, é máis, veciños da zona presentaron dous escritos no concello. Un en maio do 2009, falando da praza e das varandas onde os rapaces botan a man, e onde as mans lles quedan pegadas aos arames todos esfiañados, como todos poden comprobar indo alí e tocando esa varanda. E houbo outra denuncia dos veciños no 2011. Pregunta a que esperan para actuar nun lugar que é perigoso, onde caeu un rapaz dende tres metros de altura, porque como ben dixo o Sr. Marante a varanda está pegada ao bordo, que se o rapaz se chega a dar coa cabeza no bordo igual tiñan que estar lamentando unha desgraza importante.

Volve sinalar que o 4 de xaneiro do 2012 o Sr. Marante contestaba respecto desa varanda que dera traslado á brigada de obras municipal para que se reparara. El non sabe que reparación fixeron, que non fixeron ningunha, e habería que preguntarse por que non se fixo esa actuación. El o que pide ao goberno municipal é que actúe de inmediato, como sexa, porque pensa que a xente do Temple non é tan vándala como para tirar cos valados que se poñan alí.

Outra cuestión é a dos 40.000 euros, di que lle gustaría que lle facilitasen eses orzamentos, para poder contrastalos con outras previsións polas que eles preguntaron e que difieren bastante, pero claro está pode ser porque el descoñece o material, se é aceiro inoxidable ou outra cousa.

Volve dicir que el o que pide é que se actúe de inmediato e que non teñan que lamentar máis accidentes, porque ese sitio é unha das prazas máis perigosas que hai no concello, e o di así de claro, e posiblemente tamén sexa das que máis denuncias teñen e tamén nas que máis incidentes e accidentes ocorreron, iso pode velo todo o mundo. Reitera que el o que pide é que se actúe, porque a pesar dos orzamentos hai cousas que hai que facelas de inmediato, polo menos ese é o seu criterio e a súa percepción neste caso.

Don Manuel Marante Gómez di que a brigada de obras si foi alí e repuxo uns tramos dos tirantes de aceiro inoxidable, uns tramos que naquel intre estaban rotos, agora hai outros que tamén están rotos, que romperon despois de repoñelos a brigada, el viunos o outro día, pero non tiña coñecemento de que os volveran romper noutro lado. Despois de que o arranxaron, el tiña previsto incluír toda esa balaustrada con cargo ás baixas do ARUME, pero como xa dixo non é posible, e, polo tanto, hai que facelo a través do orzamento municipal.

Continúa dicindo que lle parece moi ben, que é urxente, está de acordo, leva así catro, cinco ou seis anos, e é urxente. El pódese comprometer a poñer uns valados, pero o que non pode é comprometerse a coller e mandarlle a unha empresa facer a obra por 40.000 euros, porque despois, a mesma oposición é a que cando eles presentan facturas con reparos, protestan, aínda que todas teñan unha explicación bastante lóxica. El cre que deberían aprobalas, porque cando se traen con reparos é por algún problema, é por algo. Agora dinlle que non conte películas, pero cando hai problemas as películas cambian, polo que tamén hai que ser coherentes. Conclúe dicíndolle ao Sr. Taibo que pode perder o coidado, que el vai facer as cousas coa máxima urxencia posible, pero que tamén se poden poñer uns valados para ir saíndo do paso, iso tampouco é un problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás solicita que se poña a máxima premura posible, porque nesas cousas non debería haber demora. Respecto do que dixo o Sr. concelleiro sobre os reparos, contéstalle que eles teñen votado a prol dalgúns reparos, pero son eles os que valoran se teñen que votar a prol ou en contra, e se é unha cuestión política ou non, e dille ao Sr. Marante que el faría igual.

Don Manuel Marante Gómez manifesta respecto das solicitudes dos veciños, que el está intentando, dende que é responsable de Obras e Servizos, que calquera veciño que faga unha reclamación ou solicitude, ou outra cousa que chegue por escrito ao seu departamento, se conteste de inmediato, ou como mínimo, no tempo que leve ver o problema, ver se se pode facer ou non. Sempre procura que non pase ningunha dun mes antes de contestar, é o que procura, algunha vez algunha petición pasa do mes, pero non é o normal, porque as ordes que ten dadas é para que se conteste a todos os veciños o máis rápido posible, e a maior parte das veces contestan dentro do prazo dunha semana.

Segue dicindo que está contestando unha chea de solicitudes, e incluso antonte os funcionarios lle puxeron dúas carpetas para contestar reclamacións e solicitudes de veciños dos anos 2007, 2008 e 2009. El dixo que as asinaba, pero poñendo unha reseña dicindo as contestaba para que non quedaran sen contestar, porque non hai dereito. Pero hai moitas máis, e el xa pediu que llas poñan todas xuntas para contestalas, porque o que non quere son papeis nos caixóns, e pódelles asegurar que hai un montón delas, e de paso que lles ensina eses orzamentos dos que faloron, tamén lles pode ensinar esas solicitudes sen contestar aos veciños de hai tres, catro e cinco anos.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que están falando dun problema actual, e pide que a el non lle veña o Sr. Marante a falar de problemas doutro goberno.

O Sr. alcalde pídlle ao Sr. Taibo Casás que lle deixe aclarar a el o problema, e chámalle a atención ao Sr. Marante dicíndolle que non está no uso da palabra. Manifesta que xa foi demasiado permisivo, que isto é unha pregunta, unha pregunta e unha resposta, e repite que foi demasiado permisivo. Di que o problema realmente é moi importante, pero que non sabe de onde van sacar os cartos, e que o Sr. Marante tiña razón en que eles non poden contratar e despois non pagar, cando se contrata hai que pagar. Está de acordo en que as cousas hai que facelas ben e legais, pero esta é unha pregunta, e el cre que a pregunta quedou contestada. Agora están discutindo outros temas e iso non o vai permitir, polo que pide que se lea a pregunta número dous.

2ª Despois de oito meses transcorridos dende a celebración do foro de Participación Cidadá e tras o compromiso do alcalde en poñerse a traballar nos consellos sectoriais e no Consello de Participación Cidadá, tal e como manifestaron no mes de maio ante este pleno da Corporación, o grupo municipal de Esquerda Unida pregunta:

Cando ten previsto o alcalde a posta en marcha dos consellos sectoriais e do de Participación cidadá?

O Sr. alcalde contesta que sinceramente non o sabe, non o sabe porque soamente ten un técnico, un só técnico para o departamento de Participación Cidadá que está, ademais, compartido con Servizos Sociais. Di que non son deuses e non teñen persoal de sobra para poñer en marcha este tema, sobre todo o dos consellos sectoriais, e precisamente por iso os Sres. concelleiros o escoitaron falar nun determinado momento dos alcaldes de barrio, porque ao mellor eses señores nomeados nas parroquias podían eles mesmos funcionar para poñer máis rápido en marcha os consellos sectoriais en cada unha desas parroquias.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que el está falando dun Regulamento de participación cidadá elaborado coa participación de moitos grupos e moitas entidades veciñais, e o alcalde fálalle dos alcaldes de barrio, unha figura que vén do franquismo. Dille ao Sr. alcalde que hai que ser sensatos e serios, el comparte co alcalde que ás veces non hai persoal suficiente para poñer en marcha un tema, pode ser, pero hai que facer previsións, porque xa está ben de botarlle a culpa aos funcionarios do concello, xa está ben.

Sempre se está a dicir que se carece de persoal, que están de baixa, ben, nese punto coincide co Sr. alcalde, ao mellor non hai persoal suficiente, pero xa lle di que non traslade ese problema a outro distinto, porque el estivo no último foro e a xente estaba ilusionada, e a xente está esperando a que se poña en funcionamento, porque non pode intervir nos plenos do concello por non estar en funcionamento, estase atacando á democracia participativa. Non sabe se o equipo de goberno quere a democracia participativa, pero dende logo dende EU si a queren.

Conclúe dicindo que se permitiu unha vez participar a unha persoa nun pleno, e punto, rematou, e a xente quere participar na política municipal, por iso el lle di que é importante un empuxe a ese regulamento, porque leva moito tempo metido nun caixón e non ven visos de que saia.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo Casás que lle permitiu contestarlle, e agora el vaille contestar o mesmo. El está de acordo co voceiro de EU en que hai que poñer en marcha o regulamento, é máis, el foi dos primeiros que acudiu e estivo en todos os foros, ata o último deles, pero iso de que a xente non pode participar non é verdade, el estalle a falar dos consellos sectoriais, non lle está falando de que a xente poida participar no pleno, porque el permítelle facer as preguntas que queira no pleno a calquera persoa que o solicite, o único problema é que soamente unha persoa, nun pleno, o solicitou. Cousa distinta é crear os consellos sectoriais, iso é moi distinto, porque iso necesita non unha persoa, nin dúas, nin tres, eso precisa moitos funcionarios, e el non lle bota a culpa aos funcionarios, non lle está botando a culpa a ninguén. Explica que el o único que ten que facer, ao fin e ao cabo, é presidir eses consellos, nada máis, o resto do traballo teñen que facelo eles, e soamente hai unha persoa en participación cidadá, unha soa, e non pode contratar a ninguén máis por lei. Conclúe dicindo que non sabe se lle quedou contestada a pregunta.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que si que lle quedou contestada, pero que ten unha pequena dúbida, cando esa persoa fixo a súa intervención no pleno, o alcalde mesmo, e as actas o contemplarán, dixo que había un problema legal, que por iso precisamente a xente non participa nos plenos, porque había un problema legal ao non estar configurado nin aprobado o Regulamento de participación cidadá, que é onde está escrito como ten que participar a xente, como se regula a participación. Pregunta como se regula a participación dunha persoa no pleno, se é que calquera se pode levantar e dicir que quere intervir, supón que terá que presentar un escrito co rogo ou pregunta con tempo de antelación suficiente para establecer en que pleno vai intervir. Di que hai que regulalo, e que se regula mediante este documento.

O alcalde dille que vén no propio Regulamento de participación cidadá.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que precisamente iso é do que están a falar, de que o Regulamento de participación cidadá está metido nun caixón, sen poder sacalo á luz polo que o Sr. alcalde expuxo.

O alcalde manifesta que el xa contestou á pregunta e dá paso á terceira.

3ª A elaboración do PXOU pola súa transcendencia e importancia, é un documento que esta sometido a un calendario axustado á lexislación urbanística, tanto de Galicia como do Estado, este documento ten levantado bastante polémica e preocupación nos veciños de Cambre nos últimos anos.

Cando pensa o goberno local, convocar aos grupos da oposición para expoñer e informar sobre a situación na que se encontra a elaboración do PXOM e as pautas a seguir?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que mañá van manter unha reunión cos redactores do Plan xeral, onde lles van presentar unha documentación, unha vez presentada, a intención é quedar con toda a oposición, máis ou menos, a semana do día dez. Segue dicindo que lles amosarán o que lles traia a empresa, quedarán con eles para que o expliquen e, ao mesmo tempo, tamén pretende que os propios técnicos do concello fagan unha valoración desa documentación, para que xa poidan comezar a falar sobre ela.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que como a concelleira pode comprender, existe unha certa preocupación, polo menos no seu grupo, porque o outro día, unha nota informativa que viña nos medios de comunicación, falaba sobre a posibilidade de rescindir o contrato á empresa que está traballando no plan de urbanismo, polo tanto, existe unha preocupación importante, non soamente nos grupos municipais, senón tamén entre os veciños. Pregunta se van volver ao da lexislatura pasada, a ter que rescindir o contrato a unha empresa e estar así continuamente, di que ese é un tema importante que deberían aclarar, e se a concelleira ten pensado reunilos a partir do día dez, pois moito mellor.

Dona Rocío Vila Díaz dille que, independentemente da documentación que lles presenten, van fixar unha reunión con toda a oposición, e nesa reunión exporán todos os puntos.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 15981 o día 27 de novembro de 2012.

Con respecto á próxima viaxe á localidade italiana de Ravenna que realizará unha delegación do Concello de Cambre, dentro dun programa auspiciado pola Comisión Europea, viaxe ao que foron invitados todos os voceiros da oposición:

1ª Que persoas van tomar parte desta viaxe?

2ª Cal é a contía, individualizada e detallada, que ten que asumir o concello?

3ª Que obxectivos para Cambre se pretenden acadar coa participación neste proxecto, e máis concretamente nesta viaxe?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que o programa ELCANET é un proxecto de apoio ás familias con persoas maiores ao seu cargo, que está aprobado pola Comisión Europea o 20 de decembro do 2010.



Continúa dicindo que ese proxecto iniciouse en Cambre co anterior equipo de goberno, durante o ano 2011, e cando eles entraron no goberno valorouse continuar ou non continuar no proxecto. Explica que no caso de que tiveran decidido abandonar o proxecto, o Concello de Cambre deixaría de ingresar 12.975,36 euros, que é xusto o que lles vai aboar a Unión Europea, iso cando o gasto máis importante da celebración do evento de Cambre xa estaba feito en maio de 2011, ademais, causaríalle un prexuízo aos demais socios internacionais, xa que se o Concello de Cambre deixase o proxecto, deixarían de ingresar a parte económica correspondente aos participantes internacionais, e podería causar un grave prexuízo aos posibles proxectos europeos futuros nos que o Concello de Cambre quixera participar.

Segue dicindo que neste evento final, de peche do proxecto, insistíronlles na importancia de que participasen políticos, e por iso eles, como ben dixo a voceira do BNG, invitaron a todos os grupos políticos, concretamente aos voceiros, porque lles pedían que tiñan que ir un mínimo de sete persoas, e sobre todo, aínda que fosen os técnicos, tiña que ir unha representación política, xa que se trataba da presentación dos resultados do traballo desenvolvido nos dous anos de andadura do proxecto ELCANET. Di que agora se van ver os resultados do proxecto, vanlles entregar un programa a cada un deles de todos os beneficios que poden acadar ou non, un programa que ela lles fará chegar a todos os grupos cando o teña.

En canto ao custe da viaxe que teñen pendente é custe cero, porque aínda que agora mesmo teñen que adiantar os boletos de avión, no mes de xaneiro xa lles teñen que aboar o resto da subvención.

Sobre as vantaxes de participar neste proxecto, di que é un intercambio de coñecementos e metodoloxías de traballo en proxectos básicos como é a axuda no fogar, que requiren un investimento económico importante nestes momentos. Tamén está para procurar solucións no apoio a familiares de persoas maiores, solucións prácticas como mini residencias, locais, voluntariado, programas de prevención, creación dun sistema de recollida de información a nivel social e sanitario, e creación dunha rede de traballo.

Respecto das persoas que van asistir a este evento, ao Sr. alcalde, por cuestións de axenda, vaille ser totalmente imposible asistir, polo tanto, pola parte política vai asistir Marta María Vázquez Golpe, Felipe Andreu Barallobre e ela mesma, e polos técnicos de asuntos sociais, Ricardo Puertas, Susana, e Teresa e Cristina que son as dúas persoas que teñen de axuda a domicilio.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, dálle as grazas por contestar tan detalladamente. Di que o que lles chama a atención dende o seu grupo, e que, efectivamente, é un proxecto que se comezou cando o PP estaba na oposición, e eles mesmos o criticaron tremendamente, agora retráctanse e din que non, que non o criticaron, aínda que nas actas desa época o que constan son outras declaracións, agás que se trate dun erro. Chámalles a atención que cheguen a gobernar, e nun proxecto

onde normalmente ían dúas persoas de Servizos Sociais, agora no mes de maio ou xuño vaia a Italia, por exemplo, o concelleiro de Voluntariado. Di que lles chama a atención que nos tempos de crise nos que están, cando se lles está dicindo aos veciños constantemente nos plenos que non hai curtos, e dende todos os ámbitos que hai que apertarse o cinto, así de súpeto os inviten a eles a unha viaxe a Italia, que imaxina que de vacacións non, pero case, que ninguén é bobo, e que ademais vaian persoas de tan distintas áreas por un programa de Servizos Sociais. Indubidablemente hai que xustificalo, pero di que ninguén é bobo. Conclúe dando moitas grazas pola información.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille, en primeiro lugar, que non van de vacacións, porque se trata dun proxecto para o que se levantan ás nove da mañá, se para comer e se fan as xornadas da tarde, son xornadas de traballo, e se o resto dos voceiros foran, terían comprobado.

En segundo lugar, di que lles esixen que asistan un número mínimo de persoas, concretamente para este último evento esixíronlles que foran sete persoas, porque é a media que teñen para que vaia cada cidade ou delegación. É un mínimo de persoas que lles esixen, e por iso se lles invitou, porque neste caso, como se vai dar a exposición dos resultados, poderíalles ter interesado ver o resultado que saiu.

Conclúe dicindo que a Cambre non lle vai supoñer un só euro, porque vaise recuperar coa subvención, se non fóra así, se a Cambre lle tivera custado un só euro, no momento en que tiveron que tomar a decisión de continuar, non a terían tomado. Supón que os beneficios van ser altos, iso é o que quere esperar, e logo xa lles presentará os resultados.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que lle chama a atención que cando chegaron ao goberno se duplicara a cantidade de persoas que van a ese tipo de viaxes. En canto a que da oposición non vaia ir ninguén, alégrase moito de sabelo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non entende por que alongan as preguntas como se isto fose un debate de rogos e un tira e afrouxa. El xa o explicou na xunta de voceiros, e agora volveu explicalo a concelleira, pregúntalle á voceira do BNG se ela non entende o que son os compromisos internacionais, pregúntalle que teñen que facer cando se asina un contrato, se teñen que rompelo, ademais, cando lles advertiron das consecuencias. E di que vai dicir máis, di que foi a concelleira do BNG a que iniciou o programa.

Don Daniel Rodríguez Carballada, concelleiro do BNG, intervén para dicir que unha concelleira tránsfuga.

O alcalde dille que o BNG é o BNG, e que agora será o que eles queiran, pero naquel momento estaba no goberno, e foi a que iniciou o programa, asinou un contrato e ese contrato o Partido Popular non o rompe, e o goberno de Cambre tampouco, é máis, non o rompen porque por riba non lle custa nin un céntimo aos veciños de Cambre. Segue

dicindo que van cumprir os compromisos internacionais, porque se non a Unión Europea xamais lles dará un céntimo, e así de claro llelo di, e pídelles que non alonguen as preguntas, que isto é unha pregunta e xa deron a resposta, e se non hai máis levantan a sesión.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto dille ao Sr. alcalde que nalgunha pregunta anterior interviron ata tres persoas do goberno para contestala, é dicir, que se resgan as vestiduras porque se alongan as preguntas, e despois, cando eles consideran oportuno, contesta o Sr. alcalde, contesta Felipe, e contesta M<sup>a</sup> Jesús. Di que lle parece antidemocrático.

O Sr. alcalde dille que é porque isto el xa llo contestou na xunta de voceiros.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto contesta que, aínda así, non lle convence a resposta dende o momento en que a esa viaxe van concelleiros de distintas concellerías, cando iso é un programa de Servizos Sociais.

O Sr. alcalde pregúntalle se sabe por que, e dille que é porque os políticos dos grupos non quixeron ir.

A voceira do BNG manifesta que ela xa viaxa a Italia cando o considera oportuno.

O Sr. alcalde dille que como responsable, como concelleira desta Corporación, ela tamén debería terse apuntado, porque é o que lles esixen, sete persoas, e incluso houbo dificultades para que se uniran dúas persoas máis, porque só tiñan cinco.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto pregúntalle ao Sr. alcalde por que non vai el, porque el cobra, pero ela ten que ir traballar, porque ela vive do seu traballo, a ela non lle paga a Deputación ou o Concello de Cambre.

O Sr. alcalde dille que non vai porque ten outro compromiso, e di que queda contestada a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M<sup>a</sup> Luísa de la Red Ampudia